

# A dimensión política de Eduardo Blanco Amor (1919-1950)

## A difícil andaina dun intelectual no galeguismo\*

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS\*\*

Nos últimos tempos ten aumentado o interese pola personalidade intelectual e política do escritor e xornalista ourensán Eduardo Blanco Amor, de maneira que o relativo baleiro de estudos que sinalabamos no 1990 verbo da súa faciana político-xornalística ten sido cando menos matizado.<sup>1</sup> Ora ben, neste artigo non imos recuncar repetitivamente nos mesmos aspectos nos que xa incidimos sobre o galeguismo de Blanco Amor, senón que tentaremos abrir algúna perspectiva nova sobre a análise do rol desempeñado polo noso protagonista no contexto onde, precisamente, a súa voz e a súa presencia acadou un eco mobilizador sobranceiro: a comunidade galega de Buenos Aires.

En efecto, Blanco Amor a penas foi un intelectual con proxección e actividade política ou publicística salientada na mesma Galicia, onde após 1919 só residiu periodos de tempo que non foron longos abondo (polo menos ata a década dos 60) como para exercer un influxo semellante ó desempeñado por outros intelectuais coetáneos que, fose nun eido ideolóxico ou outro, xogaron un papel fundamental na política galega do tempo (a Xeración Nós, ou o mesmo Eugenio Montes...). A súa influencia e/ou inserción na escea política galega há fa-

cerse dende o seu eido específico de actuación: a Galicia de alén mar, onde se forxou como xornalista de axitación, onde desenvolveu as súas primeiras actividades literarias, e onde ti vo lugar a meirande parte da súa experiencia e actividade política. E se Blanco Amor, nas súas viaxes e estadías en Galicia e en España, gozou de amplio prestixio e reputación, foi precisamente polo eco que a súa actividade máis alá do Océano facía chegar aquén mar.

Blanco Amor foi un intelectual de personalidade complexa e, diríamós, tortuosa, recovecos da súa biografía sobre o que outros autores teñen abondado. E, ó mesmo tempo, foi diante todo un caso máis de intelectual na política do primeiro terzo deste século<sup>2</sup>, que xamais deu o salto dende o xornalismo de axitación á reflexión ideolóxica. O seu talento literario se non viu nunca acompañado, coma no caso, poñamos por exemplo, de Otero Pedrayo ou mesmo de Castelao e Risco, dunha formación política e teórica que lle permitise a creación neste aspecto. Dito doutro xeito, o noso escritor non foi xamais un *intelectual orgánico*. Xa que logo, Blanco Amor será todo ó longo da súa andaina política un recipiendario das construccóns ideolóxicas doutros teóricos; aportacións que, ó seu xeito, refundía e convertía en argumentos

\* Unha primeira versión deste traballo foi apresentada ó Congreso Blanco Amor Ourense, xuño de 1993.

\*\*Xosé M. Núñez Seixas é Doutor en Historia Contemporánea polo Instituto Universitario Europeo de Florencia (1992), e Profesor Titular de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>1</sup> Vid. Núñez Seixas (1990a), Anteriores achegamentos á traxectoria política do noso persoaxe, sempre nun plano descriptivo, foran Luca de Tena (1985) e Pérez Rodríguez (1990). Nos últimos dous anos aumentaron os traballos sobre o xornalismo de Blanco-Amor (Pérez Rodríguez, 1992, 1993b; Riveiro Espasandin 1993) ou sobre os aspectos globais da súa biografía (Fernández del Riego 1992, Pérez Rodríguez 1993a), asemade contamos cunha belida biografía novelada de recente aparición (Allegue, 1993). As perspectivas de análise, porén, seguen a ser excesivamente descriptivas. A estes estudos se pode engadir tamén unha interpretación global de Blanco Amor que nos quere amosar, baseándose sobre todo na súa obra literaria, o carácter denunciador da realidade colonial galega que tería o seu pensamento (Rodríguez 1993).

<sup>2</sup> Vid. Joll (1960), para a definición máis estensa do prototipo do intelectual comprometido do período de entreguerras.

mobilizadores. Como veremos, o único escrito con pretensiones de teorización que foi quen de producir, durante os anos 20, non foi senón un resumo de postulados de Risco e Villar Ponte, con algunha engádega persoal. Blanco Amor terá a súa significación fundamental noutro papel: o de axitador, o de mobilizador político, o do xornalismo de combate. Iso non excluía que a súa voz e a súa posición gozasen de influencia cando menos moral, como se evidenciou nas súas relacións co galeguismo, sobre todo nos anos 30; ou que a súa posición e simpatías variasen de acordo co tempo, obedecendo ós pulos circunstanciais da política, tanto galega (e española) como *comunitaria* (é dicir, as loitas internas da comunidade galega na Arxentina). E, como xa espuxemos con vagar noutro lugar,<sup>3</sup> atal característica é común a tódolos activistas políticos da Galicia de alén mar con anterioridade a 1936, tanto galeguistas como agraristas ou socialistas: a falla de orixinalidade ou de plantexamentos anovadores no estritamente ideolóxico, mais ó mesmo tempo a vontade dinámica e activa, o anceio mobilizador, a flexibilidade nos aspectos puros das ideoloxías que podía permitir, e de feito permitía, sínteses operativas.

Blanco Amor, de tódolos xeitos, conservou ó longo de toda a súa vida a típica fasquía do intelectual independente, a tensión interna entre a torre de almasí e o compromiso político. Blanco Amor non foi xamais un intelectual *orgánico*, no senso gramsciano do termo (Gramsci 1975). O noso escritor caracterizouse incluso pola dialéctica entre o dandysmo intelectual e o compromiso popular, entre os novos aires e a fidelidade ás súas orixes relativamente homildes, como fillo dunha modista ourensá de clase media baixa que era. Esa fidelidade ó elemento popular, ás súas orixes, tan ben reflectida en *Xente ao Lonxe*,<sup>4</sup> será en definitiva un dos elementos que andando o tempo alonxe a Blanco Amor de plantexamentos puristas de elitismo

político-intelectual ós que era máis fidel o seu mestre primixenio, Vicente Risco. É más, Blanco Amor asumirá unha posición decidida de compromiso político, que el entendía non como un compromiso partidario "de afiliacións, de registros o nóminas de ésta o aquella agrupación concreta", senón máis ben nun senso amplio de "inclinarse a una ideología tal vez de área táctica difusa pero de núcleo doctrinario preciso", como escrebeu no 1945, xa condicionado polos acontecementos bélicos: "Un escritor de nuestro tiempo que no haya tomado partido, nos parece un hipócrita, un infrahombre, un sujeto repugnante (...). Yo prefiero echarme a la cara a un Eugenio Montes y a un Giménez Caballero, que a un Benavente o a un Ortega y Gasset", xa que a condición de escritor aparellaría, para o ourensán, "una ética, una moral, una conducta" que había levarlle a non illarse dos sufrimentos e anceios colectivos.<sup>5</sup>

Pero a dimensión política do escritor há ser entendida no contexto do ricaz ambiente socio-político que lle tocou viver tanto en Galicia como, sobre todo, entre a comunidade galega de Buenos Aires anterior a 1936. Como tamén espuxen no seu día, a angueira política de Blanco Amor debe ser enxergada non só como parte dun movemento político actuante en Galicia e con ramificacións na emigración, senón sobre todo e más acaidamente na súa condición de intelectual emigrado, no seo dunha colectividade galega en pleno proceso de adaptación a un novo país, e que se debate entre a fidelidade ás súas orixes e ó país de partida e a asimilación/integración no país receptor. Intelectual emigrado que tomará unha postura favorábel, dentro do proceso crecente de conformación de élites directoras internas na propia colectividade galega, a unha afirmación das características diferenciais e definitorias dese grupo étnico inmigrado, e que serán unha alternativa e mesmo unha oposición ós intereses e actuación das élites directoras da comunidade inmigrada,

<sup>3</sup> Vid. Núñez Seixas (1992a). Un resumo con bastantes errores da nosa tese de licenciatura -daquela inédita- que deu orixe ó libro, pódese consultar en Sixirei Paredes (1992).

<sup>4</sup> Vid. a notábel interpretación dos contidos sociais desta novela -que serían parcialmente aplicábeis tamén a *A Esmorga* - en Válcarcel (1993). Blanco Amor expresaba nesa obra varios riscos do seu pensamento: o compromiso popular pseudosocialista, o anticlericalismo e o seu refugo das clases acomodadas e castelán-falantes. Para un contraste interpretativo -e sempre dentro do enfoque do colonialismo interno- vid., cómico non, Rodríguez (1993:129-171).

<sup>5</sup> Blanco Amor, "Función política del intelectual", *Galicia*, 12.10.1945.

xeralmente promovidas polo éxito económico, e que tenden a controlaren as grandes institucións mutualistas (neste caso, p.ex., o Centro Gallego, sobre todo). O coñecemento dos posicionamentos e actuacións desas élites, como teñen afirmado varios autores,<sup>6</sup> que exercen un rol de *ethnic leadership* (liderado étnico) é fundamental para enxergarmos a realidade e contradiccións do grupo étnico inmigrado, a definición da súa identidade face a outros grupos inmigrados e face á mesma sociedade de recepción, en canto os líderes concentran a conciencia dun grupo étnico, e fan visíbel a súa identidade.<sup>7</sup> Parte deses líderes étnicos se orientarán cara un liderado de tipo *externo*: é dicir, buscarán afirmar a súa posición dentro do grupo inmigrado, para posteriormente atopar un vieiro de integración coa clase dirixente do país receptor. Outra parte desas élites estará formada non tanto por aquelas do ascenso económico, senón máis ben polas do ascenso *intellectual* (xornalistas, profisionais independentes, literatos), que se orientarán en moitos casos cara unha *afirmación* da personalidade propia do grupo inmigrado, malia isto non era incompatibel cunha integración axeitada no país receptor. Ora ben, como lembra Devoto (1989:169), se non debe disolve-lo grupo étnico na súa élite, senón tentar enxergue-la representatividade e funcións dessa élite dentro da dinámica da evolución da comunidade inmigrada e da súa interacción con outras realidades sociais e políticas.

Dentro dese esquema de actuación de élites nas comunidades de emigrantes, podemos encadrar o que Sollors ten denominado a *invenção da etnicidade* (Sollors 1989), é dicir, a redescuberta da identidade étnica e da nacionalidade que se non levara a cabo, nin sequera, no país emisor. Isto engade unha nova



1.- Blanco Amor no 1919, recén chegado a Buenos Aires.

variante ó esquema denantes descrito, pois non supoña soamente a mantenza dunha personalidade nacional xa transportada, en principio, polos inmigrantes ós seus puntos de destino, p.ex. no caso español.<sup>8</sup> Cómo se trasvasa un movemento nacionalista que xorde nunha zona determinada dun vello Estado-Nación ás colectividades emigradas desa rexión ou nacionalidade en auxe?

A parte de visións esencialistas e moi mediatisadas da historia, que tenden a ver este fenómeno como un proceso natural de descuberta por parte dos emigrantes deses pobos *sen Historia* do seu verdadeiro *Volksgeist* unha vez que estarían ceibes da "cortiña" que o Estado-nación opresor poría diante dos seus ollos,<sup>9</sup> unha ollada ó proceso seguido polo desenvolvemento do nacionalismo étnico, sen esgotarmos o elenco posíbel, nos casos das colectividades irlandesas dos Estados Unidos dende meados do XIX, das polonesas, lituanas ou eslovacas

<sup>6</sup> Vid. sobre todo Higham (1978, 1986) e Martiniello (1990) para os aspectos teóricos, e Devoto (1989) e Fernández (1987), sen sermos esaustivos, respectivamente, para os casos de italianos e españoles na Arxentina. Aínda que un tanto confuso, vid. tamén Zubillaga (1992).

<sup>7</sup> Como segue afirmando Higham, ainda que o grupo étnico inmigrado poida aparecer como unha realidade homoxénea face o exterior, no seu interior está sulcado por diferencias e conflictos, con base en diferencias rexionais, de clase, ou simpremente de estatus social. Doutra banda, as fronteiras dun grupo étnico non son, nin moi menos, perfectamente definidas, senón fluidas, indeterminadas e un tanto esluídas, co que os seus trazos de identidade se esvaen, coma un eido magnético, a partires dun centro. Os líderes étnicos xogan aí o rol sobranceiro de determinar ese centro, esos puntos de referencia (Higham, 1978: 2-3).

<sup>8</sup> Vid. Fernández (1987) e Herrero/Herrero (1992).

<sup>9</sup> Visión característica, p.ex., dos propios testemuños dos nacionalistas que participaron no labor político na emigración, ou dos comentaristas históricos nacionalistas dos nosos días. Un exemplo requintado para o caso basco en Astigarraga (1986), e para o catalán en Castells (1986).

no mesmo país,<sup>10</sup> ou das más cercas bascas, catalanas ou mesmo canarias en América Latina dende fins do XIX e comezos do XX (Fernández 1992), nos amosa o protagonismo salientado deses líderes étnicos *afirmativos* no proceso de difusión do nacionalismo entre as colectividades ata o daquela "adurmiñadas". O revulsivo para a formación de periódicos, revistas e asociacións que tentasen mobilizar ás colectividades emigradas para apoiar ó nacionalismo soía vir, quer de esilados políticos, quer de intelectuais e axitadores profisionais que xa tomara contacto co nacionalismo en Europa. En todo caso, afirmase a importancia do rol de constructores e definidores da etnicidade que adquieren os intelectuais nacionalistas nun medio ambiente xeralmente hostil (en tensión remanente perante a sempre presente tendencia á asimilación na sociedade receptora). Casos coma Hipòlit Nadal i Mallol en Arxentina (Fernández 1992), ou J. Carner e Conangla i Fontanilles en Cuba (Roy 1984), así o confirman. Unha alta participación porcentual da *intelligentsia* é sempre observábel nas primeiras fases dos movementos nacionalistas, que logo vá diminuíndo consonte o movemento nacional se estende a outras clases. O mesmo ocorrerá, con ritmos diferentes, no caso das colectividades emigradas.

Ese rol dos intelectuais emigrados na conformación dunha conciencia nacionalista cobra, xa que logo, un meirande valor nos casos de comunidades nas que o nacionalismo non proviña dunha presencia popular previa no país de orixe, en parte trasplantada polos propios inmigrantes dende el. Ese será o caso do galeguismo en América. En todo caso, o que si se pode afirmar, é que en comparanza con outras colectividades emigradas peninsulares nas que o nacionalismo periférico (é dicir, oposto ó español) tiña unha presencia importante dende comezos do XX, no caso galego conformóuse unha más importante élite mobilizadora e intelectual transterrada, que en determinados períodos puido sobrepassar e rebordar á Galicia de aquén mar en vigorosidade creadora e en dinamismo político. Aí, no centro desa élite

galeguista de alén mar, se situaría durante dúas décadas cun rol sobranceiro, quizabes *malgré lui*, Eduardo Blanco Amor.

Eduardo Blanco Amor a penas desenvolveu actividade política propriamente dita denantes da súa partida a América dende o seu Ourense natal, se ben xa se familiarizou co oficio de xornalista (ó entrar no 1915 na redacción do *Diario de Orense*). Nesa etapa de formación persoal e intelectual (1897-1919), o xove Blanco Amor frecuenta o ricaz mundo intelectual ourensán no que bulían o Risco pre-nacionalista e avangardista literario de *La Centuria* (1917), Cuevillas, P.R. Sanjurjo, e arredor do Ateneo Ourensán, fundado no 1914, a Comisión Provincial de Monumentos do Museu provincial... (Valcárcel/Quintana, 1988: 19-20) Blanco Amor foi alumno avantaxado das tertulias vanguardistas e modernistas de Vicente Risco, e daí arrincará unha relación que perdurará no sucesivo, xa que o novo escritor ourensán coñeceu e tratou ó Risco *pre-nacionalista*, e polo tanto só a posterior e progresivamente empezaría a ser realmente influído polas elaboracións teóricas de Risco.<sup>11</sup> Tamén desta época ficará unha pegada importante: o compromiso coas clases máis homildes, co pobo sinxelo e traballador, ó que por forza estaba vinculado polas súas orixes. Por iso non ten de estranar que a lembranza das campañas agraristas de Basilio Alvarez deixase nel fonda impresión, en especial polo que tiñan de populismo agrario e vagamente galeguista, como se pode ver na súa evocación dun mítin do cura de Beiro:

*"Lembro, sobre todo, a Basilio Alvarez, que falaba en castelán, pero iba polas vilas e aldeas e axuntaba aos paisás cun verbo indescriptible (...) Iba sempre cun crego pequeno, un crego meio home e como sin rematar ainda, que lle decian o crego de Mos. Este foi un dos meus primeiros e más fondos descubrimentos da lingua. Basilio Alvarez andaba sempre con aquel home detrás e este falaba sempre en galego. Basilio era unha especie de orador do Sinai, reluciente, maravilloso (...) Pero a nós quen nos conmovía era o que viña logo, aquel crego de Mos. (...) ...despois da enxurrada verbal do Basilio, tan castelarián, aquel homiño falaba das*

<sup>10</sup> Entre a abondosa bibliografía existente, vid. Miller (1985), Brown (1966), Eidintas/Senn (1987), Greene (1975), Stolarik (1968) ou Kantowicz (1975).

<sup>11</sup> Para un esame detido da ideoloxía de Vicente Risco, vid. Beramendi (1981).

*mesmas cousas nunha lingua sinxela, sen adornos, antiga, moi máis perto daqueles campesiños. O contraste era magnífico. Eu tiña catorce anos cando escoutei por primeira vez ao crego de Mos e ali mesmo coido que descobrín o fondo significado dun idioma marchinado, que non dependía dos libros nin da cultura senón que nacia e medraba como as plantas, de seu, vexetalmente, coa mesma pureza. Descobrín que era o mesmo idioma castigado e trunco que me proibían falar de novo e escomencei a buscalo entre as xentes que o falaban pra adeprendelo ben e podelo empregar.*" (Freixanes 1976: 90-91)

Ese compromiso populista, arrodeado dunha certa dimensión estética, e dun fondo laicismo que ás veces chega ó aberto anticlericalismo, é en boa parte o que levará ó noso autor cara a unha asunción progresiva do galeguismo, entendendo este sobre todo como un compromiso coas clases populares galego-falantes.

Galeguismo que, con todo o problemático que resulta clasificar políticamente a calquera intelectual autodidacta e crítico como era Blanco Amor (quen ademais sempre termou de manterse nunha posición de independencia), pode ser clasificado en tres etapas que abranguerían deica os últimos anos corenta, sendo a terceira e derradeira fase da súa andaina política cásé un epílogo, no período posterior á Guerra Civil, cando un progresivo desencanto se irá apoderando, malia con alibaixos, do ourensán despois de ter assumido un circio compromiso coa defensa da República española.

Eduardo Blanco Amor emigrou con rumo a Buenos Aires contando 22 anos de idade, no ano 1919, para eludir, coma tantos mozos galegos do seu tempo, o ser sorteado para o servizo militar, o que daquela conlevaba o risco de ter que ir á Guerra de Marrocos. Para eludi-lo servizo militar mesmo contou coa axuda do caciñeiro ourensán Bugallal. E tamén emigrou, en parte, para dar saída ás súas inquietudes intelectuais e vitais que non achaban un axeitado

acubillo nunha cidade burguesa e no fundo provinciana como era Ourense. Unha vez en Buenos Aires, traballa en varios oficios e desenvolve a vocación para a que máis dotado se sentía: a literaria, nun ambiente cosmopolita e arrecedor, o da capital arxentina nos anos 20, que ía acentuar moito más a súa faceta de *dandy* cosmopolita que sempre será característica da súa personalidade, malia en ocasións entrase en conflicto, precisamente, co seu compromiso político pretendidamente galeguista e, no sucesivo, de esquerda.<sup>12</sup> É problemático afirmar, porén, se Blanco Amor xa levaba implicitamente un encárrego por parte de Risco e da Irmandade ourensá para facer proselitismo en América.<sup>13</sup> Pero si é certo que tal cometido se realizará durante os anos seguintes, en parte como un proxecto persoal do noso escritor. Se en Buenos Aires esistía dende 1879 unha certa tradición e continuidade na defensa por parte dunha élite intelectual e xornalística (*El Gallego* e *Revista Gallega*, máis logo *Eco de Galicia* de Cao Luaces e Castro López, *Nova Galicia* de Fortunato Cruces, etc.), dun rexionalismo galego con tintes rexencionistas hispánicos e federalistas (Núñez Seixas 1992a: 80-119), este dende comezos de século terá que conviver con outras dúas tendencias que configuraban o panorama político máis inquieto e activo das sociedades galegas de Buenos Aires (as cales experimentan durante as dúas primeiras décadas do XX un crecemento espectacular, especialmente as asociacións comarcas e locais, a maioría delas *Sociedades de Instrucción*)<sup>14</sup>: unha corrente esquerdista e socializante, moi influída precisamente polos partidos de esquerda arxentinos, e que precisamente deixaba o seu carimbo en boa parte das *Sociedades de Instrucción* que xurdiran a deceas, coincidindo co aumento das entradas de inmigrantes galegos á Arxentina neses anos; e outra, moi relacionada e ás veces fusionada coa anterior, de carácter

<sup>12</sup> Blanco Amor describiría más tarde a atmosfera cultural que atopou como "la ciudad más ecuménicamente culta del habla castellana (...). Un joven de mi tiempo podía ver danzar a la Pavlova y a Nijinsky, dirigir a Sigfried Wagner las obras de su padre, asistir a exposiciones colectivas de los impresionistas franceses y a las conferencias colectivas de los impresionistas franceses y a las conferencias de Clemenceau y el Ortega treintañero, asistir al teatro en cinco idiomas (...) Había también el tono de gran ciudad cosmopolita". Citado en Gibson (1980:233-234).

<sup>13</sup> Como afirma, p.ex., de xeito vagaroso, Pérez Rodríguez (1993: 12).

<sup>14</sup> Vid. en xeral Peña Saavedra (1991).

agraria e republicano, que recibiu un pulo considerábel coa visita dos enviados do Directorio de Teis e despois de Basilio Alvarez a Buenos Aires entre 1910 e 1913.

As tres correntes, identificábeis *grosso modo*, tendían a combinárense entre si e non eran en absoluto, ó contrario do que maiormente ocorría en Galicia, excluíntes. Deronse así combinacións políticas curiosas, orixinando por unha banda mesturas de socialismo e agrarismo en moitas sociedades comarcas -o que á súa vez desencadeará un proceso de reorganización federativa dalgúns das delas, que confluirán primeiro nunha federación de ámeto provincial coruñés e xa no 1921 nunha Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales (FSG), baixo a batuta directora de varios líderes notábeis entre os que salientaba o ensinante de tendencia socialista Antón Alonso Ríos, procedente de Silleda. Doutra banda, tamén se produciron combinacións entre agrarismo e rexionalismo, como puxo de manifesto tanto a propia traxectoria inicial do avogado e xornalista Fortunato Cruces (director do periódico *Nova Galicia*, no que se expresou un máis ben confuso rexionalismo rexeracionista con inclinacións populistas e agraristas), como a revista *Suevia* (1913), dirixida por Xaquín Pesqueira.<sup>15</sup> A esta tradición veuse engadir a consciente e buscada expansión do nacente nacionalismo representado polas Irmandades da Fala sobre América desde 1916, á busca de apoios políticos e, tamén, económicos, por parte dunha Galicia de alén mar que se soñaba contribuíse ó avantar do nacionalismo aquén mar como fixeran os irlandeses desde fins do século pasado.<sup>16</sup> Iso levará á aparición no 1917 na capital arxentina da Asociación Regionalista "A Terra", promovida en boa parte por antigos agraristas e republicanos (Oitabén, Xulio Carballo, o pedagogo I. Ares de Parga, Xaquín Pesqueira), e que será máis tépeda na súa defensa do nacionalismo, con todo, cás Irmandades da Fala europeas.<sup>17</sup> Nembargantes, atal asociación

contribuirá a integrar ós agrario-rexionalistas nunha nova dinámica de mobilización, que terá come a fins de 1918 ó se fusionaren con outras sociedades culturais galegas, algunas das cales amosaran desde 1916 simpatía cara o nacionalismo (a Asociación Coral Gallega, a Agrupación Artística Gallega e o Orfeón Gallego Primitivo) para constituir unha entidade de socorro mutuo e que polo tanto tería uns obxectivos máis amplos, a Casa de Galicia, entidade que coa finalidade mutualista e de recreo combinaba un vago propósito de fomentar e esendar o galeguismo na Arxentina, do mesmo xeito que o Casal Català, esgazado do Centre Català de Buenos Aires algúns anos denantes, aspiraba a dotar ó catalanismo dun meirande centro de apoio. Aquilo non empeceu que, paralelamente, subsistisen sectores entre a comunidade galega que profesaban un nacionalismo más definido, vencellados directamente ás Irmandades e non integrados na Casa de Galicia, especialmente desde 1918 (p.ex., o debuxante betanceiro Xosé Ares Miramonte dende Rosario).

## 1. O BLANCO AMOR DO

### GALEGUISMO RISQUIÁN (1919-1924)

Blanco Amor entrou en contacto inmediato con algúns destes galeguistas independentes, como Farruco Lamas, antigo republicano ourensán, fundador da Unión Provincial Orensan no 1913 -sociedade moi orientada nos seus comezos cara a esquerda- e un dos máis afervoados nacionalistas da antiga A.R. "A Terra",<sup>18</sup> ou Rodolfo Prada, emigrante tamén ourensán e que figuraba en principio como promotor da Casa de Galicia, codirector do órgao oficial desta (*Acción Gallega*) e secretario desde 1919 da Asociación Protectora en Buenos Aires de la Real Academia Gallega (Núñez Seixas 1992a:126-127). Os primeiros pasos en público de Blanco Amor vencelláronse de feito á Casa de Galicia, ainda que non deixase de frecuentar

<sup>15</sup> Vid. p.ex. a antoloxía de textos políticos de F. Cruces *Cousas gallegas*, Buenos Aires: Imprenta "La Iberia", 1928.

<sup>16</sup> Vid. senón L. Porteiro Garea, *A los gallegos emigrados*, A Coruña: Papelería Gallega, 1918.

<sup>17</sup> *A Terra. Junta Regionalista Gallega*, Buenos Aires: Imprenta La Iberia, 1918.

<sup>18</sup> Vid. por exemplo as súas frecuentes colaboracións no periódico ourensán, dirixido por H. Ameixeiras, *O Tío Marcos da Portela* entre 1917 e 1919 (Núñez Seixas 1992a: 121-122). Vid. tamén Allegue (1993: 46).

as actividades da Asociación Cultural Española, e de feito publicou os seus primeiros poemas en *Acción Gallega* e deu a súa primeira conferencia naquela institución, sobre Benavente, a meados de 1920.<sup>19</sup> Máis notorios eran os denominados "Xantares Mensuales" que organizaba a Casa de Galicia, adicados cada mes a unha figura literaria ou histórica galega. Blanco Amor intervén no "Xantar de Septiembre" (sic) dese ano, disertando sobre Ramón Cabanillas, e xa entón deixaba albirscar a súa misión, real ou pretendida, de voceiro da intelectualidade nacionalista galega nas Américas:

*"Me complazco en ostentar (...) ese único título: joven de la nueva Galicia (...) llevar hacia vosotros, algo como un hábito de aquella juventud admirable que allá en mi tierra se prepara para un glorioso resurgimiento civilizador (...)*

*Una buena parte de estos nuevos, cuando salí (...) de Galicia, han puesto en mí algo así como una especie de embajada sentimental e intelectual".<sup>20</sup>*

Posición significativa, en canto que a Casa de Galicia foi esluindo progresivamente os seus iniciais propósitos de afirmación do galeguismo en Buenos Aires e foi devindo unha institución mutualista máis, o que á postre iría provocando o alonxamento dos galeguistas dela. E, en todo caso, a pretendida función de embaixador das Irmandades -e, máis en concreto, de Vicente Risco- era ainda moi contraditoria. Blanco Amor, poñamos por caso, intervirá un ano máis tarde na inauguración da filial da Casa de Galicia en Tres Arroyos nun ton diferente, inzado de monarquismo tradicionalista e españolismo, que á vez ilustraba cos máis rechos versos de Ramón Cabanillas.<sup>21</sup> E pouco tempo denantes começara a publicar artigos de certa tendencia galeguista no máis importante



2.- Blanco Amor no 1925 en Buenos Aires can-do colaboraba no xornal "La Nación".

periódico da colonia galega de Buenos Aires, *Correo de Galicia*, propiedade do veleidoso xornalista coruñés José R. Lence (un dos promotores do Centro Galego no 1907 e maurista convencido que predicaba un rexeracionismo dende enriba da Monarquía española, o que tamén o levaba -coma os mauristas galegos, en primeiro lugar o novo José Calvo Sotelo- a un certo acaroamento a posturas galeguistas prácticas, e tamén ás Irmandades, circunstancialmente).<sup>22</sup> Esa postura ambivalente do órgano dirixido por Lence contribúe a que este incorpore ó novo valor recién chegado e próximo ás Irmandades, quen en xullo de 1921 xa forma parte da redacción do *Correo de Galicia* e ó pouco tempo publica un gabancioso artigo de lembranza do líder progresista das Irmandades morto no andazo gripal do 18, Luis Porteiro Garea.<sup>23</sup> Mais ó mesmo tempo non tén devalo

<sup>19</sup> Vid. Allegue (1993:50-52). Xa no maio de 1919 publicara algúns versos no periódico de Castro López, *El Eco de Galicia*.

<sup>20</sup> *Acción Gallega*, n.4, 30.9.1920, p.5.

<sup>21</sup> *Acción Gallega*, n.16, 31.12.1921.

<sup>22</sup> Vid. o seu libro autobiográfico *Memorias de un periodista*, Buenos Aires: Centro Difusor del Libro, 1940, e asemade a súa recopilación de artigos *Jornadas de Lucha*, Buenos Aires: E. Menéndez, 1924.

<sup>23</sup> Vid. E. Blanco Amor, "En el principio", *Correo de Galicia*, 14.8.1921, onde deixa ver o seu compromiso rexeracionista ("nadie nos pidió en qué Salamanca estudiamos, o primos de qué cacique somos"). O 11.6.1922, *Correo de Galicia* publicará en primeira páxina un artigo de Risco, "Nazionalismo galego", gracias á intercesión de Blanco Amor perante Lence (Allegue 1993:59), e tamén publicará Blanco Amor unha serie de artigos sobre poetas galegos que escribían no noso idioma. Ainda que Allegue (1993:61) afirma que "O

en participar nunha despedida ós vontarios españois de Buenos Aires para a Guerra de África. Definitivamente, o noso autor estaba ainda abalando entre o polo rexeracionista moderado, o rexionalismo populista aprendido nos seus anos formativos, e a inconstancia típica dun literato autodidacta. Non en valuto afirmaba Blanco Amor no seu artigo de homaxe a Porteiro que o seu rexionalismo non foi de "crença espontánea", senón que foi froito dunha elaboura máis ou menos intelectual.<sup>24</sup> En todo caso, Blanco Amor era nomeado en xuño de 1922 director literario de *Correo de Galicia*, e comeza a publicar unha serie de artigos de divulgación sobre poetas e autores galegos, incluíndo unha conferencia de Risco sobre Castelao.

De feito, o poeta ourensán se encontraba nun proceso de formación e asimilación das teorías do nacionalismo galego, ó traveso fundamentalmente dos puntuais envíos de libros e cartas do seu mestre indiscutíbel nestes anos, Vicente Risco, quen no 1920 publicara o seu primeiro corpus doutrinal homoxéneo, a *Teoria do nazionalismo galego*. Risco irá encarreirando dende Ourense ó novo Blanco Amor no nacionalismo, un pouco á súa maneira. Ambolos dous, polo demais, tiñan moito en común, e estaban condeados a se entenderen: á parte das comúns afeccións literarias modernistas e avangardistas, Risco era partidario do labor cultural e apolítico naquel intre,<sup>25</sup> e vía en Blanco Amor un posibel nucleador dun grupo galeguista de prestixio intelectual e purista no ideolóxico

para ser formado en Buenos Aires, que remedase así mesmo a mala impresión que no fundo provocaba no ideólogo ourensán o radicalismo "sen altura intelectual" da moi podente e activa Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana naqueles anos.<sup>26</sup> De feito, xa no febreiro de 1920, o líder nacionalista instaba a Blanco Amor a constituir un grupo vencellado ás Irmandades.<sup>27</sup> O poeta emigrado, nembargantes, non compartirá xamais totalmente algúns dos pustulados do purismo risquián, como por exemplo o monolingüismo en galego, xa que para Blanco Amor o nacionalismo había ser moi prudente e moderado na súa propaganda en Buenos Aires, empregando o castelán e o galego segundo as circunstancias (e, de feito, as primeiras propagandas de Blanco Amor tiveron lugar sempre en castelán). Arredor de 1921 formouse na cidade do Plata un grupo non-constituído, pero afín ás Irmandades da Fala, arredor con toda probabilidade do propio Blanco Amor (Beramendi 1987:725). Nese mesmo ano, porén, entre as adesións recibidas dende Buenos Aires para a II Asemblea Nacionalista de Vigo se non conta ainda a de Blanco Amor (si as de Ares, Rodríguez de Vicente ou V. Paratcha).<sup>28</sup> As relacións eran, en parte, bastante *sui generis*. En todo caso, Blanco Amor mesmo concibiu cara 1922 a posibilidade de que os líderes das Irmandades fosen en *tournée* propagandística a Buenos Aires, o que daquela, como ben lle comunicou Risco, estaba lonxe das posibilidades dos nacionalistas galegos, despois da

sentimento galeguista de EBA non tiña sido ata agora moi profundo", o certo é que o noso autor, de feito, semella ser crave nestes intres para que o importante periódico galaico-porteño mantenga unha actitude aberta cara o nacionalismo.

<sup>24</sup> Vid. Allegue (1993:56). No artigo en cuestión, Blanco Amor lembraba explicitamente un mitin de Porteiro e Losada Diéguez -sen dúbida correspondente ás eleccións de 1918, cando Porteiro foi apresentado candidato por Celanova.

<sup>25</sup> Vid. Beramendi (1981,I: 114-152). Lembremos ademais que, como afirma este autor a respecto do grupo avangardista ourensán (Risco, Otero, Cuevillas), o dandysmo intelectual podía ser, precisamente, un dos viesos que podían levar a un literato *inconformista* a militar nunha organización nova e exótica naqueles anos, como eran as Irmandades da Fala.

<sup>26</sup> Carta de Vicente Risco a Blanco Amor, Ourense, 1.7.1922 ([A]rquivo [B]lanco [A]mor, [B]iblioteca da [D]eputación [P]rovincial de [O]urense). Sobre a actuación dos grupos vencellados ás Irmandades en Cuba, vid. Núñez Seixas (1992c).

<sup>27</sup> Carta de Risco a Blanco Amor, Ourense, 27.2.1920 (ABA-BDPO). Blanco Amor debéulle escreber cara fins de 1919, comunicándolle iniciais propósitos políticos, e Risco respondeulle que "Me non extraña que non sepa escribiren [sic] en galego (...) Mais fólgome ben de [sic] teña deseños de aprendelo", asemade que "Moito me satisfai de que me fala tan cheo de espranzas pra mañán, cómpre un núcleo intelectual fortemente xunguido com'equí estamos nós".

<sup>28</sup> [A] [N]osa [T]erra, 30.4.1921, p.2.

esgazadura das Irmandades no febreiro de 1922 na III Asemblea Nacionalista de Monforte, da que saíu dunha banda a Irmandade da Fala coruñesa, e doutra a Irmandade Nacionalista Gallega (ING), de praxe apolítica e integrista no seu nacionalismo, comandada polo propio Vicente Risco. As preferencias do líder galego, agora máis que nunca, seguían a estar a carón dun grupo intelectual vencellado á ING que "sempre sirve pra erguel-o espirto, e c'unha comunicación frecuente connosco, ha chegar a dar froito".<sup>29</sup>

Será coa viaxe doutro fidel seguidor de Vicente Risco, como era Ramiro Illa Couto, a Galicia, cara fins de 1922, cando este será encarregado polo profesor ourensán de fundar na capital arxentina unha delegación da ING; e á súa volta a Buenos Aires cara o Nadal de 1922, cunhas credenciais de Risco e cun cargamento de libros galeguistas, cando se axilicen os traballos de constitución dese grupo nacionalista alén mar, que non sería moi numeroso mais que se pretendía "escoleito". O que Risco encarecería de novo a Blanco Amor a comezos de 1923:

*"Parécame moi ben a idea que teñen pra formanza e traballo da Irmandade: poucos e bós (...) Compre arrodeal-a Irmandade de moitas simpatías, mais ó mesmo tempo do meirande prestíxio d'autoridade, de fidelidade ós principios, de liberdade de criterio, de tódal-as virtudes qu'una xuntanza d'homes arredor d'un ideal debe ter."*<sup>30</sup>

O proceso de creación dunha ING porteña se non dinamizaría definitivamente deixa maio de 1923, despois de que Illa Couto, especialmente, fixese unha sonada aparición pública a prol do nacionalismo no mitin organizado pola FSG en protesta polos sucesos de Guillarei (Núñez Seixas 1992a:130). O resultado será a publicación, en primeiro lugar, da revista *Terra. Idearium da ING n'América do Sul*, primeiro boletín publicado integralmente en galego en Buenos Aires, e que viña ser unha sorte de trasunto alén

mar da revista *Nós*. De feito, se adicará preferentemente ós temas culturais galegos, con colaboracións da intelectualidade galeguista de Europa, e asemade ós traballos teóricos de certa entidade, tanto dos nacionalistas porteños como de Galicia. En *Terra* espuxo Risco de maneira prudente ós emigrados os caracteres básicos do nacionalismo galego da ING, proclamando como leito político a consecución da autonomía, se ben no tocantes ó eido cultural, "n'esto somos compretamente arredistas".<sup>31</sup> En termos non menos risquiáns se espreme Blanco Amor, quen mesmo escolle como tíduo para o seu artigo de presentación do grupo bonarense "*Nós*" (clara transposición do esgrevio artigo de Risco "*Nós, os inadaptados*"), se ben deixa traslocir a intención dos galeguistas de se erixir en élite *alternativa* ás tradicionais da colectividade galega:

*"...xa vai sendo tempo de escomenzar a voltar os ollos cara a Terra e finar d'una vez por todas c'o noxoso galleguismo americano', que cando mais sirvêu foi prá orgaización de comerotas, pra algueiradas de ridículo patriotismo ou pra erguemento de catro figuras de refugallo, que soñaron con chegar a seren os napoleonciños da coleitividade"*

E ó mesmo tempo, dentro dun ton moderado xeral, quizabes en exceso intelectual e vagaroso, facía mención do potencial político que na emigración galega se podía atopar se se sabía acentuar ben certas tendencias "típicas" do saudosismo morriñento:

*"En ningún caso botaremos más dos magoados tópicos d'ise sentimentalismo cursi e podre, gayola de parvos, nin fomentaremos choromadicadas morriñas, coasi sempre falsas e decote noxosas.*

*Na morriña, na saudade, niste sentimento fondo da Terra que nos vencella a ela dende o lonxe, c'unha forza indiscutíbel e coasi tiránica; n'ista emoción saudosa de solagiar o noso pensamento no recodo perenne, na introvisión ideoplástica da Terra, niste sentimento, decimos, hai unha forza que ben encamiñada e aproveitada, no senso de transmutala en acción i-en*

<sup>29</sup> Carta de Risco a Blanco Amor, 1.7.1922, xa cit.

<sup>30</sup> Carta de Risco a Blanco Amor, Ourense, s.d. (cara maio de 1923), (ABA-BDPO). Tamén afirmaba o líder da ING que "non pense que é estremoesquerdismo o crer que non pode haber un nazionalista castelanizante (...) o esquecemento do galego é causa moderna, e coma queira qu'unha das causantes é a emigración, d'equí que sexa na América onde máis teñamos que traballar n-iste senso".

<sup>31</sup> V. Risco, "Esto é o que é o nazionalismo galego", *Terra*, n.1, 25.6.1923, 3-4.

*autividade galeguista, faría de nós, dos nada interesantes gallegos de América' a máis forte, independente e loubable axuda que o xurdio esperezo nazonalista podía arelar i-esperar".<sup>32</sup>*

Talvez aquela alusión ós líderes da colectividade inzados de sán saudosismo se referise á Casa de Galicia de Buenos Aires, xa por entón esmorecente (de feito desapareceu no 1926), en boa parte debido a divisións internas verbo da súa orientación política e mutualista (Núñez Seixas 1992a:124-126).

*Terra* informou con puntualidade das actividades da ING de Galicia, mentres pola súa banda, arredor do grupo que editaba a revista,<sup>33</sup> constituiuse en agosto de 1923 a ING de Buenos Aires ("delegazón da I.N.G. na República Arxentina"), contando con 16 membros fundadores,<sup>34</sup> un pequeno núcleo en Rosario que cara setembro estaba a piques de se constituir formalmente (con centro en Xosé Ares), e outro núcleo de simpatizantes en Montevideo, arredor do autor teatral Arturo Carril.<sup>35</sup>

De tódolos xeitos, co golpe militar en España no setembro de 1923, que supón a chegada do xeneral Primo de Rivera ó poder e o

esmorecemento na práctica da ING de Risco en Galicia (Beramendi 1981,I:38-47), a delegación da mesma en Buenos Aires, falta de alento e instruccións dende o centro da organización, fica desorientada, a pesares de publicar ainda un número máis da revista *Terra* no outubro de 1923, no que a ING porteña manifestará a súa desconfianza verbo das primeiras actuacións do Directorio Militar, que proclamaban se dirixir cara unha descentralización administrativa. Xa que logo, optarán por esperar tempos mellores.<sup>36</sup> De feito, os nacionalistas de Buenos Aires amosaron unha escasa adaptabilidade á nova situación; pero tamén influíron outros factores na desaparición do seu voceiro. Dunha banda, a falla de colaboura dos nacionalistas de Galicia, que deixaron de remesar artigos; e doutra, a falla de resposta por parte dos subscriptores galegos de América.<sup>37</sup> Igoalmente, o intelectualismo risquián que acabou imperando na ING provocou, significativamente, resistencias entre algúns dos seus integrantes, forxados no galeguismo bonaerense denanterior, p.ex. Miguel Revestido.<sup>38</sup>

Estaba claro que a estratexia risquiana do purismo nacionalista non achaba o eco desexado.

<sup>32</sup> E.Blanco Amor, "Nós", *Terra*, n.1, 25.6.1923, p.5.

<sup>33</sup> Concretamente: Ramiro Illa Couto, Santiago G. Nolla, E. Blanco Amor, Xenaro F. Couto, Farruco Lamas, Miguel Revestido, Xavier Insúa, Arturo Carril, Antón Vázquez Palacios, Casto Rodríguez. A maioria deles eran traballadores de "pescozo branco" (*white-collar*) ou pequenos comerciantes, con inclinacións xornalísticas ou artísticas algúns. É de salientar que soamente douce deles -Revestido e Lamas- proviñan da denanterior A.R. "A Terra". Notemos a ausencia, así mesmo, de Rodolfo Prada, quen só voltará a irromper con forza no ámeto do galeguismo do Plata nos anos 30 e posteriores.

<sup>34</sup> Eran estes: R. Illa Couto, F. Lamas Barreiro, Blanco Amor, M. Salleres Pastor, E. Castro Rodríguez, Miguel Portela Willman, Victor Domenech, Xenaro Fernández Couto, Modesto da Torre Parada, Santiago G. Nolla, B. López Bosende, M. Fernández Couto, X. Méndez Peñamaría, Manoel Oliveira, R. Fernández Couto e Xesús Calviño de Castro. A maioria deles nomes novos na política da colectividade galega, en en boa parte podemos aventurar que eran intelectuais e pequenos comerciantes. Vid. a súa acta de constitución en *Terra*, n.3, 25.8.1923, p.1.

<sup>35</sup> "Da Causa", *Terra*, n.2, 25.7.1923, p.18. Arturo Carril fundara en 1920 na capital uruguaya a revista *Mundo teatral*. Moi relacionado cos círculos intelectuais e xornalísticos de Montevideo, nos anos 30 promovéu a editorial Mar, e no 1935 fundou outra revista literaria, *La Lectura*. Vid. Cagiao (1990b: 93-94).

<sup>36</sup> "Ao marxe d'autualidade", *Terra*, n.5, 5.9.1923, 6-7.

<sup>37</sup> Carta de R. Illa Couto a F. Penzol en Madrid, Madrigal (Chaco arxentino), 18.12.1924, in *Grial*, n.73 (1981), p.317.

<sup>38</sup> Así o expresaba un artigo deste en *Correo de Galicia*, 13.1.1924 (citado en Allegue 1993: 65, sen dúbida traducido): "(Non sei) quen son os líderes do galeguismo en Bos Aires: (...) considerándose intelectuais, fundan unha revista cursi e neurasténica, plena de pedantería... Pretendéuse colocar o carro diante dos bois, e imitando a *Nós*, déronnos un bodrio calzando uns zapatos que lle quedaban anchos.

Estes innovadores dun nacionalismo que nin Deus entende, pretenden conquistar ao emigrante con catro artigos literarios e tres ou catro debuxos futuristas (...) os amantes do vello nacionalismo, os da 'Asociación Regionalista A Terra' retrífanse decepcionados da pouca virilidade dos 'cabecillas', catro nenos insípidos agrupados diante da mesa dun café".

A ING bonaerense entrará nun período de crise e inactividade, e cara meados de 1924 prodúcese a división dentro dela: un grupo, con algunas novas incorporacións (coma o libreiro coruñés recén emigrado Lino Pérez), irá radicalizando o seu nacionalismo e se converterá no baluarte do arredismo intransixente, con expresión dende 1925 nunha ING refundada e no 1926 coa publicación do periódico *A Fouce* (Núñez Seixas 1992b). Pola outra banda, Blanco Amor, xunto con algúns outros, abandoará o grupo da ING, atraendo a algúns fideis da súa liña (F. Lorenzo Rico, opulento emigrante e directivo da Sociedade Hijos de Mondoñedo, un dos máis importantes persoaxes da colectividade, e Eliseo Pulpeiro), e buscará unha estratexia "posibilista" de pauto e achegamento a sectores republicanos galegos para opórense á Dictadura de Primo de Rivera e conferir un novo rumo, menos purista e iniciático, ó galeguismo. F. Lamas Barreiro, quen ficou no grupo integrista, lembrará anos máis tarde a responsabilidade central da deserpción de Blanco Amor na desaparición da primeira ING:

*...as cousas iban ben, cand'o poeta do grupo, o que más obriga tiña de ser consecuente coa súa declaración de nazionalismo, sin motivo, e c'un pretexto ridículo, arredouse de nós. Despois, circunstancias sucesivas fixeron que cada un tomase por vieiro distinto y esmorece aquel intento de organización do nazionalismo<sup>39</sup>*

Aí remataba a actuación "purista" do primeiro Blanco Amor, malia algúns deses resaibos risquiáns ainda perviverán, como veremos ata os primeiros anos 30. O noso autor a penas escribiu nada ideoloxicamente orixinal, como o demonstra sen máis o texto da súa conferencia "Nacionalismo gallego", pronunciada na república Casa de Galicia de Montevideo

(fundada no 1917) en febreiro de 1923.<sup>40</sup> Eclecticamente, Blanco Amor combinaba as teorías de Risco (único teórico que elaborou no eido do galeguismo coetáneo, como recorda Beramendi<sup>41</sup>), unha teoría da nación e do nacionalismo coerente e acabada, un ideosistema, daí que todos os galeguistas en meirande ou menor medida fosen debedores seus, sobre todo na súa definición da Nación e do *Volksgeist* galego), con algunas mencións ó máis progresista Villar Ponte. Defendía así o carácter multinacional de España, Estado no que as súas diversas nacións, naqueles intres, manifestaban a súa rebeldía contra dun Estado que "está fracasando desde hace muchos años (...) el estado español es y fue a lo largo de toda la historia una cosa antipopular", e que asoballaría ós *entes naturais* que serían as nacións ibéricas, póis "la nacionalidad frente al Estado, significa lo natural frente a lo artificial". Asumiría un conceito risquián de Nación, malia se non deterá demasiado en finezas teóricas para as que non é moi dado: así, definiría a Nación galega como "una uniformidad de costumbres, idioma, psicología étnica o racial, etc.", cunha alma perdurable e sobre todo cunha modalidade cultural disterada que configuraría o para el sobranceiro, "un espíritu y una alma colectiva propia [*Volksgeist*] que al desenvolverse da margen a una cultura propia". Precisamente Blanco Amor teimarán no risco diferencial da cultura propia, polo que incide -na onda táctica da ING- na necesidade de desenvolvella para asegurar o porvir da nación e o celme do nacionalismo: "Nosotros queremos primero sembrar la convicción de nuestro propio valer; cuando el alma nacional despierte, la acción vendrá sola". Asemade cismará Blanco Amor no elitismo, na súa fe nas minorías selectas para aseguralo espertar nacional, "contamos entre los nuestros con cerebros de primer

<sup>39</sup> F. Lamas Barreiro, "Puntualización", *A Fouce*, n.21, 15.10.1930, p.4.

<sup>40</sup> *Nacionalismo gallego*, manuscrito datado en Montevideo, febreiro de 1923 (ABA-BDPO).

<sup>41</sup> Beramendi (1987: 309-311). Risco fornece ó galeguismo unha teoría do coñecemento e unha *Weltanschauung*, asemade unha concepción da Historia, e mesmo unha estratexia do movemento. E, ademais, no marco da aspiración de Risco á totalidade ideolóxica, proporcionalle ó galeguismo os seus alicerces inmediatos -un conceito básico e xeral da nación- e mediatos -unha teoría da Historia-, o que subministra a base teórica imprescindible para a xustificación dunha proposta política de nacionalismo aglutinador. Pódese recordar aquí o testemuño do tamén nacionalista galego en Buenos Aires, Moisés da Presa, sobre a recepción en Buenos Aires da *Teoria do Nazonalismo Galego* de Risco: "produciu o efecto dunha bomba nos nosos espíritos afervoados de xeneroso patriotismo. Xa tiñamos a lei escrita! Xa os galegos tiñamos o Decálogo polo cal guíámonos a prol dunhas aspiracións políticas mínimas!", ANT, n.516, xuño 1971.

orden. Y eso basta para triunfar". Como metas políticas inmediatas, Blanco Amor sinala obxectivos un tanto vagarosos, mais que teiman no reformismo rexeracionista do galeguismo, no "engrandecimiento de España, por el de las nacionalidades que integran su territorio", malia prefirer a fórmula da conferederación ibérica. "Engrandecemento" que habería conllevar a reforma do Estado e a eliminación do caciquismo. Só douos aspectos semellan marcar unha elaboura un tanto persoal, ou matices diferenciais, de Blanco Amor verbo da ideoloxía da ING risquiana: a falla de alusión a Portugal como referente complementario da Nación galega (e nin sequera menta a Portugal no seu obxectivo de confederalismo ibérico); e o seu aínda non moi espírito antimonarquismo (que pode ser porén circunstancial), fronte ó accidentalismo nas formas de goberno que pregoaba Risco. De feito, xa no 1923 Blanco Amor se pronunciaria pola República federal como forma de goberno,

*"...precisamos medios autonómicos, porque consideramos que nuestra tierra -cuyos problemas conocemos precisamente mejor que nadie- debe ser gobernada por los gallegos que la aman, antes que a ninguna otra cosa en el mundo (...) Estamos harts de una Galicia plagada de gobernadores nombrados por la Gracia de su Majestad -¡que maldita la gracia que nos hace!- que acallan nuestros problemas con la fácil solución del máuser, del destierro o del presidio.*

*(...) No contribuyáis al fomento de un patrioterismo de guardarrropía y de covacha diplomática, que sólo es útil para encumbrar a cuatro píllos (...). Una república federal española sería la única base firme y efectiva de un sano y verdadero hispanoamericano, y sería el primer paso para que las razas que habitan el suelo español reanudasen la marcha deslumbrante y triunfal, hacia el cumplimiento de sus destinos, distintos entre*

*sí, pero iguales en el conjunto de la civilización universal"<sup>42</sup>*

Precisamente, porén, esa base teórica permitiralle a Blanco Amor combinar, na súa evolución posterior, un conceito más ou menos elaborado de Nación de raigame risquiana, cunha praxe política e estratéxica diversa. Por qué? En primeiro lugar, Risco non é incluible plenamente, no que se refire ó seu ideosistema, na corrente conservadora-tradicionalista do nacionalismo galego: por exemplo, non inclúe explicitamente a relixión católica entre os factores xeneradores do *Volksgeist* (ó contrario que Otero Pedrayo).<sup>43</sup> Ademais, en Risco tamén estará presente, aínda que con maior intensidade nos anos 20, un populismo elitista perfectamente asumible por Blanco Amor. Endalí que este, fondamente laico, poida utilizar as construcións risquianas no referente á definición do ser nacional de Galicia, e o afastamento con Risco más definitivo só se producirá durante os anos 30, cando o "ilustre mestre" se achegue máis ó conservadorismo de Otero e Cuevillas.

En todo caso, agora coma no sucesivo, será un tanto valuto buscar unha estricta coerencia teórica do galeguismo de Blanco Amor entre as néboas literarias da súa belida escrita: en dianite, o ourensán se preocupará moito máis da acción que da teoría, o que levará a unha constante distorsión na súa terminoloxía e lingua xe segundo o auditorio e as circunstancias (así, p.ex., na súa pruma alternarán de xeito caótico os conceitos de rexión e nación, de rexionalismo e nacionalismo, ou de autonomía e federalismo).

<sup>42</sup> "Nacionalismo gallego", cit.

<sup>43</sup> Ainda que Risco si considere como integrantes da sociedade e da Nación os "vellos valores", entre eles presumiblemente a moral católica, esta non aparecía como compoñente determinante e fundamental. Vid. Beramendi (1987: 345-355). A certa dependencia teórica de Blanco Amor verbo de Risco redúcese no esencial a tomar prestado o seu conceito nuclear de Nación, polo que non é contraditoria coa súa actuación política posterior, que tantos problemas interpretativos causa a Rodriguez (1993:198), quen recorre á seguinte explicación: "Esta influencia resulta tanto más chamativa se temos en conta que a actitude do noso autor estivo, en moitos aspectos, orientada nun sentido oposto a calquer irracionalismo esencialista e, desde logo, a calquer mitificación racial. Posibelmente, os seus ecos risquianos na problemática da Galiza servían-lle para coutar este aspecto da realidade nun valado, moi fondo, pero tamén pouco incisivo ás veces na práctica".

## 2. O BLANCO AMOR

### GALEGISTA-REPUBLICANO (ca.1924-ca.1931).

No 1924, Blanco Amor chegará, xunto con outros nacionalistas galegos de Buenos Aires, (p. ex., Lorenzo Rico) a unha convención con algúns republicanos galegos de pasado tepeadamente rexionalista, como Domingo Rial Seijo,<sup>44</sup> o pedagogo progresista Adolfo Vázquez Gómez, ou o debuxante Ramón Peña, para editar a revista cultural de tema galego *Céltiga*, que xa saíra brevemente no 1920.<sup>45</sup> A convención feliz logrouse agora, co obxectivo de editar unha revista moderna, progresista e anti-dictatorial, aberta ó diálogo cultural coa intelectualidade arxentina -liña que *Terra*, porén, xa encetara timidamente- e cunha orientación republicano-galeguista. Xa que logo, o propósito da nova xeira de *Céltiga* era triple: prestixiar a cultura galega mediante a súa expansión e abertura cara o diálogo con outras (sobre todo coas hispanoamericanas, mais tamén coa brasileira e portuguesa); defender os postulados do nacionalismo galego de maneira *posibilista*, moderada e maiormente en castelán, abrindo ademais a posibilidade de servir de voceiro oficioso ós nacionalistas de Galicia, mais acollendo consonte avante a década dos 20 unha orientación republicana e progresista dentro do galeguismo, de xeito cada vez máis decidido; e crear unha revista quinceal de cultura e política que salientase pola súa calidade e cubrise o oco que ata entón a prensa galega porteña deixara, e que contribuise a elevar a apreciación social do inmigrante galego. *Céltiga* perseguirá sen acougo, neste senso, apresentar o vulto ignorado da cultura e das

tradicións galegas a un grande público, loitando á vez contra do autoodio e dos prejuízos que imperaban na Arxentina verbo dos inmigrantes galegos.

O primeiro número desta nova xeira da revista aparecerá en setembro de 1924, e continuará ininterrompidamente deica 1932 -malia cun notable descenso de calidade dende 1929/30. Da súa dirección literaria ocupáronse nun comezo Eliseo Pulpeiro, Blanco Amor e un novo incorporado á política de ámeto galego, procedente do sindicalismo e do xornalismo obreiro arxentino, o sadense Ramón Suárez Picallo.<sup>46</sup> Todo ó longo das páginas de *Céltiga*, a prosa e o novo estilo inspirado sen dúbida por Blanco Amor se farán presentes, en ocasións envoltando cripticamente contidos de nacionalismo aberto. Como expresaba no seu primeiro editorial,

*'Céltiga cumplirá así una elevada función patriótica, la más grande tal vez. Mantener vivo y latente el culto al 'terruño'; afianzar, estrechar los vínculos afectivos de los descendientes de Breogán con el solar de la raza, es asegurar, indudablemente, el interés y cooperación de los mismos pra todos los problemas de la región (...) Pretendemos que las columnas de Céltiga sean válvulas expansivas del pensamiento y de los ideales gallegos. Esa juventud animosa y decidida que allá brilla por su intelecto "enxebre" y su acendrado cariño a la tierra, tan querida y admirada, ha sido ya invitada a colaborar en nuestra revista que (...) propenderá a difundir las nuevas ideas y los problemas modernos de la región.'*<sup>47</sup>

Esta mensaxe criptogaleguista envolvíase, como se ve, da más moderada linguaxe dende a súa presentación, e tivo o resultado, unido á

<sup>44</sup> Rial Seijo fora dirixente da republicana *Unión Democrática Orensana*, e así mesmo da Casa de Galicia.

<sup>45</sup> A. Diaz, "Céltiga", *Galicia emigrante*, n.22 (1956), 20-21.

<sup>46</sup> Ramón Suárez Picallo iniciouse no xornalismo obreiro no órgano porteño de esquerdas *Adelante* en maio de 1916; no 1917 xa formou parte do Partido Socialista Internacional, e como candidato do mesmo concorreu ás eleccións municipais de 1920, rente de coñecidos obreiros porteños como Alfredo Palacios ou A. Cantoni. Porén, retirouse dese partido ó pouco tempo, disconforme coa súa orientación moderada. A diferencia dos intelectuais galeguistas de alén mar, Suárez Picallo era de orixe modesta e carreira política forxada no sindicalismo, chegando ó galeguismo ó traveso das súas leituras e do seu vontuario autodidactismo. Sobre este persoaxe, vid. a biografía, malia bastante decepcionante, de B. Cores Trasmonte (1983).

<sup>47</sup> "Nuestro programa", *Céltiga*, n.1, 30.9.1924. O mesmo Blanco Amor lembraría, anos máis tarde, que "O bon senso galego, e a nosa capacidade diplomática, trunsou. En troques de dar as ideas en graus, dímolas moidas, pro as dosis foron as mesmas. Uns dirónse conta que tal paladar literario non era o habitual; outros enviáronnas de vagar sin poñerlle moito aquel, de desgano. Pro dentro de tódolos lectores conscientes de *Céltiga*, no seu organismo mental, estas ideas son hoxe calorías de intenso galeguismo, de consciente intuición prenazonalista.", reproducido en *Céltiga*, n.73, 10.1.1928.

calidade e bó gosto estético da revista, más favorábel que podía maxinar: a súa expansión entre a colectividade galega, non só de Buenos Aires e da Arxentina, senón tamén, pasados poucos anos, de Uruguai e Chile.<sup>48</sup>

Precisamente, un feito sobranceiro na evolución ideolóxica de Blanco Amor será o seu encontro e amizade con Suárez Picallo. Pódese afirmar que entre ámbolos dous se dará unha sorte de ósmose político-ideolóxica: o sadense aguzará a súa orientación galeguista, recibíndoa de Blanco Amor, mentres o ourensán afirmará máis o seu populismo e comezará a amosar unha tatexante tendencia esquerdizante que se irá acentuando co decurso dos anos, malia xamais chegará a ser teoricamente coerente ou elaborado (Armesto 1986:162-163).

Aínda que Blanco Amor tomará unha opción decididamente republicana, non por iso vai esquecer os seus fondamentos ideolóxicos risquiáns. Risco seguía sendo o mestre en canto á definición da Nación galega se refería, malia o xove escritor se amosará progresivamente máis intervencionista no ámeto das estratexias políticas. Pero tamén lle manterá fidelidade: Risco aprobará de feito a táctica posibilista adoptada por Blanco Amor, como lle comunicaba cara 1925/26,<sup>49</sup> e xa dende outubro de 1925, *Céltiga* vai reproducir na sección "Idearium galeguista" da revista a *Teoría do nazionalismo galego* de Risco.

Ora ben, o grupo dos "céltigos" tamén manteñerá relacións, en pé de cordialidade, cos "irmáns arredados", coruñeses, quen se non sumaran á ortodoxia da ING de Risco, e que, a fin de contas, seguían a conservar *A Nosa Terra* baixo o seu control. Obxectivamente, a orientación republicana e progresista do grupo porteño cadraba moito mellor coa equivalente dos nacionalistas coruñeses, polo que, amodo mais inevitabelmente, darase un achegamento no estratéxico ás posicións daqueles: unha táctica de mobilización popular e de casamento coas

reivindicacións máis progresistas da sociedade, como se afirmaba xa nun artigo sen asinar, mais de probábel autoría de Blanco Amor, no decembro de 1925:

"...a primeira avanzada nazionalista, debe ter por ouxeitivo, desalojar da conciencia cidadana do povo galego, este conceito burocrático da 'región' e substituílo creando (...) o certo senso de nazón. (...) Neste estamos todos de acordo. No que non-o estamos tanto, é en considerar o nazionalismo, pol-a misma escelsitude do seu cílico e fondo senso doutrinario, coma patrimonio d'unha élite intelectual que o encastilla no círculo vicioso das discussións cabalísticas, e fáinlo antipático e estrano ao pobo (...) Co reconocimento do (...) progresismo, inevitábel e implícito en todo labor de incorporación d'un pobo ás correntes modernas da vida, daríamos un grande paso, que nos levaría, paseniramente, cerca de moitos irmáns arredados, que hoxe fuxen de nós, ainda querendo a Terra (...) por estaren eles colocados n'outras perspectivas das que hai que desaloxalos con garimpos razonamentos e con acercamientos sucesivos e non espantálos con xestos esotéricos de iniciados sibilinos"<sup>50</sup>

Con todo, durante os anos seguintes, manteñerá a constante colaboración de Vicente Risco na sección "Idearium galeguista" de *Céltiga*, en boa parte porque o mestre ourensán seguía a se-lo teórico de meirande altura co que daquela contaba o nacionalismo galego. E iso a pesares de que, xa no outubro de 1925, se afirma tamén dende a revista porteña que o nacionalismo había levar a cabo unha estratexia de "paso a paso" deica chegar a un "arredamento" final que se operaría, "cando teñamos esperto o noso instinto de pobo ceibe (...) dentro d'un intelixente e fraternal esforzo federativo, abogando por unha República federal".<sup>51</sup>


De tódolos xeitos, Blanco Amor, xuntamente cos demais "céltigos", vai ser moi consciente da necesidade de ampliar o eido de influencia do galeguismo posibilista. E unha perfecta oportunidade para iso, que non deixará escapar, será o

<sup>48</sup> Sobre o conxunto da etapa protagonizada polos "céltigos", vid. Núñez Seixas (1992a:150-172).

<sup>49</sup> Carta de Risco a Blanco Amor, s.d., ca.1926 (ABA-BDPO): "aprobamos desde logo o feito por Vdes. Conformes en ausoluto tamén, todos nós, e coido en que todolos nacionalistas galegos que sexan un pouco asisados, co-a politeca que Vde. e os seus amigos siguen, coidando ademáis que non hai outra (...) Céltiga eiqui satisfáinlos d'abondo, pois coidamos que fái todo o que, dado o ambiente que ahí había, todo o que pol-o d'agora se pode faguer, a reserva sempre de faguer cada dia un pouquín máis".

<sup>50</sup> "Ideas galegas. Ortodoxia e heterodoxia nazionalista", *Céltiga*, n.23, 10.12.1925:

<sup>51</sup> "Ideas galegas", *Céltiga*, n.20, 25.10.1925.



3.- A comunidade galega na Axentina e especialmente a redacción da revista "Céltiga" (Blanco Amor, primeiro pola esquerda) homenaxeán ós herois do Plus Ultra con Ramón Franco á cabeza.

asalto á mellor e máis organizada plataforma de actuación política que ofrecía a colectividade galega de Buenos Aires: a podente Federación de Sociedades Gallegas (FSG), cos seus case 6.000 socios. A Federación, precisamente, travesaba cara 1924/25 uns intres de certa desorientación política: se dunha banda mantiña os seus ideais esquerdistas e agrarios, cunha moi tépeda afirmación galeguista e un ideal republicano federal, cando menos teórico, ficara por entón sen *partenaires* políticos válidos en Galicia, perante a crise do agrarismo "neutro" protagonizado por Basilio Alvarez, claudicante coa Dictadura de Primo de Rivera, e o colaboracionismo da UGT e do PSOE español co novo réxime en cuestións laborais (Núñez Seixas 1992a:154-155). O casamento entre a tendencia galeguista-republicana dos "céltigos" e a FSG consumouse na incorporación de varios

nacionalistas á directiva da FSG no congreso ordinario desta no decembro de 1925, despois dalgúns contactos e actos conxuntos previos, (como a homaxe a Rosalía de Castro celebrada en xullo de 1925) e o comezo da participación xornalística de Suárez Picallo e Blanco Amor no órgao da FSG, *El Despertar Gallego*.<sup>52</sup> Nese IV Congreso, adóptanse algunas resolucións de tendencia galeguista (festexar ós galegos ilustres cada ano, celebra-lo Día de Galicia o 17 de Decembro, "fecha del martirio en Mondoñedo del Mariscal Pedro Pardo de Cela, héroe nacional gallego", e recomenda-lo ensíno do idioma galego e da Historia de Galicia nas escolas sostidas en Galicia polas entidades federadas á FSG), e foi tamén significativo que na nova Xunta Executiva elixida figurassen Blanco Amor, Suárez Picallo e Fernández Lourido, tres "céltigos".<sup>53</sup> A incorporación destes

<sup>52</sup> Vid. Allegue (1993:75-76). Nos seus primeiros artigos en *El Despertar Gallego*, ("Ayer, hoy y mañana de la colectividad gallega", 9.5.1925, e "Sobre el dinamismo colectivo", 1.8.1925), Blanco Amor se pronunciará más abertamente en temas políticos do que o facía en *Céltiga*. Neles, predicará a necesidade de que a colectividade galega se embarque nunha ampla mobilización política co obxectivo de coordinar as ata entón esparexidas iniciativas locais das Sociedades de Instrucción, ata o punto de poderen elixir ós futuros gobernantes de Galicia. E atal mobilización había desentenderse das actividades fúteis ás que se adjudicaran os galegos só preocupados por acrioularse, os *desleigados*. Iso combinábase coa prosa de *combate* de Blanco Amor contra da Dictadura de Primo de Rivera: vid. por exemplo "O caciquismo galego i o Directorio", *El Despertar Gallego*, 18.8.1925, e Riveiro Espasandin (1993:33).

será sobranceira: Blanco Amor e os seus correlixionarios disporán así dun eido auténtico de resoancia política e de actuación para o seu nacionálismo, ó mesmo tempo que acentuarán decididamente a súa evolución cara a esquerda republicana. E, en contrapartida, atraerán cara o galeguismo a varios dirixentes da FSG que procedían do agrarismo de esquerda, como Cao Turnes,<sup>54</sup> Campos Couceiro ou o mesmo Alonso Ríos -quen á súa vez axirán determinantemente nas sociedades comarcais das que eran dirixentes, como a Unión Estradense, Hijos de Silleda, e algunhas más. De certo, os galeguistas posibilistas entenderon acaidamente o papel que como élites da colectividade galega inmigrada poderían xogar, á parte do culturalista, para a difusión dos seus principios, ó mesmo tempo que coa súa convención coa FSG e *El Despertar Gallego* asentaran definitivamente, como xa afirmamos, o seu republicanismo federal como proxecto de futuro para Galicia e España en conxunto.

O rol activo de Blanco Amor dentro da FSG verase confirmando en maio do ano seguinte, ó ser nomeado director de *El Despertar Gallego* (Allegue 1993:80). Nembargantes, tanto nas páxinas de *Céltiga* como, en menor medida, nas do órgao da FSG, Blanco Amor vai deixar

un tanto as rendas políticas nas mans dos seus compañeiros, e adicarse máis ó xornalismo variado á crítica cultural. Pero tamén promoverá ambiciosas campañas, como as campañas pro-adquisición da Casa natal de Rosalía de Castro en Padrón, e "Pro Libro Escolar Gallego" (consistente esta derradeira en que os emigrados custeasen a edición dun libro de texto en galego para ser enviado ás escolas do país), campañas activamente impulsadas polo escritor ourensán desde meados de 1926, mais que só atoparon un relativo encosto entre as sociedades de emigrados. Iso amosaba ó entusiasta Blanco Amor os límites da súa influencia, á vez que lle facía aguzar a súa crítica contra dos prohomes da colectividade, os líderes do ascenso económico que se esquecían das súas orixes culturais: criticará así en máis dunha ocasión

*"La vulgaridad (...) y la chatadura en que arrastran su vida los hijos de la noble raza ibérica, ocupados en la romántica labor de amontonar pesos, los que van por ese camino, o enfrascados en trangalladas, patrioteras y otras Francisquitas, los que no tienen condiciones para cosas peores."*<sup>55</sup>

<sup>53</sup> Vid. "El IV Congreso de la Federación de Sociedades Gallegas", *Céltiga*, n.25, 25.12.1925; vid. tamén no mesmo número "Ideas galegas. Sobre a Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias e Culturales", onde se afirmará sen debalo que a función dos recién incorporados será "tanto d'axuda e desenrolo do que xa está xerminando, como de orientación e aporte de novas ideolóxicas e doutrinais, que deben de estar nas mentes de todolos bós galegos que arestora están traballando pola eisaltación e o salvamento da Terra Galega". Blanco Amor foi elixido, oficialmente, como representante da sociedade "Hijos de Sanjenjo", curiosamente, mentres Fernández Lourido fóinó pola Unión Provincial Orenseña e Suárez Piccalo pola sociedade Nueva Era de Vilanova. Sinal de que a súa incorporación foi producto dun pacto cos dirixentes da Federación, en especial Alonso Ríos e M. Cao Turnes.

<sup>54</sup> Manuel Cao Turnes, natural de San Xulián de Sales (1894), fora presidente da sociedade de San Xulián de Sales, director de *Unión de Teo y Vedra* e conselleiro da Federación Agraria do Concello de Vedra. Tamén foi un dos fundadores da FSG.

<sup>55</sup> E. Blanco Amor, "Divagaciones superfluas", *Céltiga*, n.35, 10.6.1926. Máis acedo se amosará no discurso pronunciado no "Festival pro-libro escolar gallego" de setembro dese ano (reproducido en *Céltiga*, n.45, 10.9.1926): "descontando las instituciones dedicadas a la nobilísima tarea de sostener escuelas -cuya galleguización ya es hora de ir comenzando- la mayor parte de las sociedades compuestas por paisanos nuestros, en este país, no son otra cosa que cotos de 'vivos' o de figurones, dedicados al fomento intensivo de la milonga y al ejercicio de la presidencia por riguroso turno de intriga y ambición (...) Casi nunca Galicia o la comarca gallega en cuyo nombre hablan, bailan y cobran los recibos, se beneficia con la ayuda de estos pobres desorientados". De tódolos xeitos, esta crítica dirixiríase tamén, ó noso xuízo, contra das sociedades de emigrados más influidas polo socialismo, moitas delas membros da FSG, como podería sugerir unha leitura atenta do seu escrito "Paráfrasis sociolóxica das cloacas", probabelmente incluído no plano orixinal da súa obra *A escadeira de Jacob* (Tarrio 1993: 116-122), que, amais dunha visión irónica da III Internacional -como ben subliña Tarrio (1993:51), poderíamos supoñer que transmitiría unha más asañada e disimulada crítica ós líderes pseudo-esquerdistas das sociedades galegas de emigrados (representados por Doallo, Barallobre), fachendosos e ignorantes, que desprezan ó intelectual.

Outra das preocupacións de Blanco Amor, e do grupo "céltigo" en xeral, será o escalón seguinte dentro dos ámetos de poder da colectividade galega: a *galeguización* do Centro Gallego, abondando as críticas á xestión das diversas presidencias conservadoras do mesmo e concretando a súa proposta de anovamento para a grande institución mutualista en tres puntos: democratización fonda e control da institución por parte das masas asociadas; meirande orientación galeguista no cultural e político da mesma; e potenciación dunha sección cultural autónoma no seo do Centro que, indirectamente, se pensaba que habería servir de apoio tanto para a cultura nacionalista -especialmente, o Seminario de Estudos Galegos- como para a difusión do nacionalismo en Buenos Aires. Blanco Amor será explícito neste particular: "todos los Centros Gallegos del mundo deben mirar más de cerca los problemas de la nueva Galicia de la que están bastante alejados, espiritual y materialmente", e para iso reivindicaba a necesidade do ascenso dunha nova élite, máis xove e politicamente orientada noutro senso, á dirección do Centro Gallego:

*"El Centro Gallego, para que no le siga sobrando el adjetivo, precisa a la par de buenos e inteligentes administradores, hombres capaces de concebir y sentir alguna inquietud espiritual, necesita 'gallegos' que se sientan tales íntegramente (...) estrechamente vinculados en sentimiento y acción, a los grandes problemas que en la actualidad, y siempre, se debaten en Galicia para enaltecerla."*<sup>56</sup>

Nembargante, ainda non acadara o galeguismo en Buenos Aires a entidade suficiente para impoñer un presidente do Centro Gallego. No 1929, os "céltigos" intervirán activamente como dinamizadores de opinión nas eleccións ó mesmo, pronunciándose contra da candidatura de Alonso Pérez e apoiando ó comerciante Antonio Bóo, algo máis favorábel ó galeguismo (Núñez Seixas 1992a: 165-167).

<sup>56</sup> E. Blanco Amor, "Pedimos la palabra", *Céltiga*, n.52, 25.2.1927.

<sup>57</sup> Vid. o manifesto reproducido con carácter retrospectivo en "Cómo pensaba la Federación hace cinco años", *Galicia*, 3.5.1931, p.2. No manifesto, asinado por Blanco Amor, Suárez Picallo, Alonso Ríos e Xulio Siguenza, divágase sobre o sentimento da "nacionalidad gallega", mantido vivo na *raza* e no amor á Terra, mais que naquel tempo se vería dinamizado ademais por un "intenso movimiento cultural, político y social" que aspiraba a que "Galicia destaque su personalidad artística y literaria en el concierto de naciones cultas, y bregando con fe creciente por conquistarla, los atributos de su soberanía económica, administrativa, social y política dentro de la federación de pueblos ibéricos que, por histórica fatalidad, habrá de reemplazar, más tarde o más



4.- "Bitácoras" foron varios textos e poemas que Blanco Amor escribiu a bordo do "Werra".

A partires de 1926, en todo caso, terá lugar a acentuación do republicanismo galeguista de Blanco Amor, más devorado, xunto con Suárez Picallo e Alonso Ríos, na política interna da FSG e na práctica do xornalismo *de combate*. A arribada do militar republicano galego Ramón Franco a Buenos Aires en abril de 1926, a bordo do "Plus Ultra", déulle a excusa para promover unha certa campaña nacionalista de esaltación da fazaña do recén chegado (interpretada como o trunfo de toda unha raza, a galega, e conseguindo mesmo que a prensa arxentina reproducise un comunicado en galego sobre o feito). Igoalmente, organizará os cursos de cultura galega na Federación, asemaide as celebranzas das "Semanas gallegas" na semán do 17 de decembro de cada ano dentro da FSG, publicando un manifesto -asinado pola "Comisión organizadora"- na correspondente a 1926 no que se volvía reafirmar o republicanismo federal.<sup>57</sup> E a relación do grupo "céltigo" cos nacionalistas progresistas da Irmandade coruñesa se estreitará coa viaxe de

Suárez Picallo a Europa a meados de 1926: o sadense demorou un tempo en Galicia, foi recibido entusiasticamente polos "irmáns" coruñeses e recibiu unha fonda influencia de Antón Villar Ponte. Aínda que o contacto con Risco persistiu por parte de Blanco Amor: aquel aprobaba ainda no 1927 a estratexia posibilista deste.<sup>58</sup> E a fin de contas, Blanco Amor afirmaba na súa conferencia impartida na *Setmana Gallega* de decembro de 1926 que o galeguismo era máis ben unha reivindicación cultural (co que seguía a situarse tacitamente na onda risquiana), e non propiamente un ideal político en senso pleno.<sup>59</sup>

De tódolos xeitos, dentro da mesma FSG a situación de Blanco Amor e do sector nacionalista en xeral non estaba falta de tensións e de forzados equilibrios: fundamentalmente, co forte sector socialista e anti-nacionalista, que agrupaba a grandes riscos á metade das sociedades integrantes da Federación. De feito, Blanco Amor non deixou de escreber algúns artigos cuxa leitura superficial podería levar á dodata conclusión de que xa comungaba co socialismo: en realidade, só asimilaba unha retórica revolucionaria e *proletaria*, mais sen ir alén, e asociaba o "revolucionario" do socialismo ó senso xeral de progresismo existente na súa orientación republicana.<sup>60</sup> Non é de estranhar así que o sector anti-nacionalista da FSG contraataque, e teña como branco a un Blanco Amor que gozaba de demasiado poder como director de *El Despertar Gallego*. No V Congreso Ordinario da FSG, a fins de 1927, a recién creada "Sociedade d'Arte Pondal", refuxio do grupo arredista (Núñez Seixas 1992b) é

expulsada. Blanco Amor, atacado polo seu suposto radicalismo verbal no discurso adicado a Pardo de Cela na "Semana gallega" de 1926, demite en solidariedade coa Sociedade d'Arte Pondal, sociedade que el mesmo axudara a crear.<sup>61</sup> Así, no febreiro de 1928 é expulsado da FSG temporalmente pola Xunta Executiva, aínda que esa separación non había durar demasiado tempo (Allegue 1993:84-85). Quizabes en conexión co aguzamento das tensións entre nacionalistas e antinacionalistas no seo da FSG, terá lugar durante todo o ano 1928 un certo acaroamento entre o grupo posibilista dos "céllicos" e os arredistas, do que será colofón a participación activa de *Céltiga* e mesmo da Federación, en especial de Alonso Ríos, nos actos de homaxe ós líderes de Estat Català Francesc Macià e Ventura Gassol, no xuño de 1928 (Núñez Seixas 1992a:164-165). Achegamento aparente, xa que o grupo posibilista seguía mantendo o ideal do federalismo ibérico.

Pero Blanco Amor seguía xogando a varias bandas dentro do galeguismo. Así se pon de manifesto durante a viaxe que efectúa a Galicia en outubro de 1928, comisionado polo xornal porteño *La Nación* para facer unha serie de reportaxes sobre Galicia. No país ficará ata marzo do ano seguinte, e sería homaxeado especialmente polos "irmáns" coruñeses;<sup>62</sup> pero tamén Blanco Amor toma un contacto más estreito coa organización do nacionalismo, e participa nos tentos de reartellamento e reunificación das Irmandades da Fala que teñen lugar no decembro de 1928, que non chegaron a frutificar, e que prevían a formación dunha organización xerarquizada e clandestina.<sup>63</sup>

temprano, a la absurda unidad presente".

<sup>58</sup> Carta de Risco a Blanco Amor, s.d., ca. fins de 1926/comezos de 1927 (ABA-BDPO): "Céltiga vái moi ben, e tamén El Despertar (...) Están Vds. faguendo un bó labor".

<sup>59</sup> Vid. *El Despertar Gallego*, 16.1.1927, p.3.

<sup>60</sup> Así, no abril de 1926 asiste a unha homaxe a Pablo Iglesias, e escreve un acceso poema no louvor do fundador do PSOE (vid. o poema reproducido en Riveiro Espasandin 1993:34); no abril de 1927, publica en *El Despertar Gallego* (21.4.1927) un artigo en honra do embaixador de Mexico e por estensión da revolución mexicana, no que afirma que o presidente mexicano "simboliza en América el principio libertario del proletariado mundial. Abajo la España de frailes, militares y señores". Vid. Allegue (1993: 79 e 84).

<sup>61</sup> Vid. "Sociedade d'Arte Pondal", ANT, n.240, 1.9.1927, p.6. O duro artigo de despedida de Blanco Amor, "La dura prueba", in *El Despertar Gallego*, 16.12.1927.

<sup>62</sup> Vid. ANT, n.255, 1.12.1928, p.10.

<sup>63</sup> Destes tentos tiñamos só referencias indirectas (Beramendi 1987: 906-907). Porén, recentemente apareceu de maneira casual no arquivo Blanco Amor a acta da xuntanza secreta mantida en Santiago de Compostela co fin de reorganizar as Irmandades en decembro de 1928. Vid. o escrito, datado en Ourense a 24 de Decembro de 1928, en ABA-BDPO.

A súa volta a Buenos Aires, no marzo de 1929, a situación no seo da FSG mudara substancialmente: a comezos dese ano, tivera lugar unha anovación parcial da Xunta Executiva da Federación, que resultou favorábel na elección ós nacionalistas. Iso obrigou a convocar un Congreso extraordinario da mesma, xa que na Executiva pasou a esistir un  *fifty-fifty* entre ámbalas dúas tendencias que facía ingobernábel a situación. Nese congreso extraordinario, celebrado no xuño de 1929, resultou vencedora a tendencia galeguista, o que non puido evitar a esgazadura da maioría do sector socialista, que fará seus os ideais do PSOE e do Partido Socialista arxentino, e que se levou un número meirande de sociedades, mais un menor número global de socios. A arredada FSG -"a da rúa Mitre"- publicará en diante o voceiro *Acción Gallega*, adicado en corpo e alma sobre todo a combater ós nacionalistas. Mais isto tamén conlevaba que o que ficaba da Federación de Sociedades Gallegas -que seguiríamos a denominar FSG- puidese ser modelada polos nacionalistas cáse ó seu antollo. Blanco Amor volverá adquirir influxo na dirección e orientación de *El Despertar Gallego*, no que ademais tende a se refuxiar, despois de certas retesías coa dirección de *Céltiga* que o alonxan, conxuntamente con Suárez Picallo, daquela revista no 1929. Tanto Blanco Amor coma outros nacionalistas -Fuco Regueira, Emilio Pita, dende meados de 1930 o antigo promotor dos arredistas, Lino Pérez-terán como couto máis preciado de actuación a "Comisión de Prensa" da FSG.

O ano 1930 marcará o comezo dunha mobilización de amplos e activos sectores da colectividade galega de Buenos Aires a prol do implantamento da República en España, perante a constatación da crise final da Dictadura de Primo de Rivera.<sup>64</sup> Unha boa parte deses sectores, empregando como plataforma *Céltiga*, a FSG e *El Despertar Gallego*, e asemade varias sociedades comarcas e de Instrucción membros daquela, avogará por unha República federal que outorgue a Galicia un estatus de autogoberno, malia escasamente concretado.

Os vencellos anteriores establecidos con Villar Ponte e os nacionalistas republicanos da Coruña tanto por Suárez Picallo como polo mesmo Blanco Amor prepararon o terreo para que, como de feito se produciu, cando chegou a América a nova da fundación da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORG) - fusión dos republicanos de Casares Quiroga e dos galeguistas progresistas coruñeses encabezados por Villar Ponte, formalizada en setembro de 1929-, se formase axiña, a comezos de 1930 e arredor dos "céltigos" e da FSG unha filial arxentina do partido republicano galego, que prometía ademais respectar uns mínimos aceitábeis de galeguismo político. Blanco Amor xogou un rol moi importante na formación dessa 'avangarda' do nacionalismo posibilista en Buenos Aires, integrando a "Comisión de Prensa" da sección arxentina da ORG (Núñez Seixas 1992a:187-188). No comunicado que deseguida fixo público, a nova agrupación afirma como obxectivo "recoger y unificar el aporte de los gallegos emigrados en favor de un régimen republicano-federal que garantice a las diversas regiones de la península una autonomía integral"; asemade, un tanto vagarosamente, indicaba que esa república federal habería ser só un medio e non un fin en si mesma: en concreto,

*"una puerta amplia por donde ha de entrarse para poder abordar resueltamente los problemas fundamentales (...) cuya solución se halla retardada tanto en la vida regional como en la nacional (...) hay que enfrentarse, particularmente en el orden regional, con la verdadera labor interna de canalización de todas las fuerzas"*

...sendo o sobranceiro problema "la propia personalidad de la región, hoy atrofiada por el desuso".<sup>65</sup> De tódalas maneiras, a ORG e os nacionalistas posibilistas de Buenos Aires aínda mantiñan contacto co nacionalismo militante das Irmandades, e estaban á espera dos acordos que tomase a proxectada VI Asemblea das Irmandades da Fala, á que tanto os "arredistas" -reorganizados dende xaneiro de 1930 arredor do quinceario *A Fouce* e da Sociedade

<sup>64</sup> Vid. Núñez Seixas (1992a: 180-218) para o contexto xeral, asemade unha descripción événementielle en Pérez Agilda (1989).

<sup>65</sup> "Quedó organizada la sección argentina de la ORG", *Céltiga*, n.129, 10.5.1930.

Nazionalista Pondal- coma os posibilistas da FSG remesaron mensaxes de adhesión.<sup>66</sup> Blanco Amor e os posibilistas estarán neste intre a prole do ingreso das Irmandades na ORGA e da definición republicana de todo o nacionalismo. En parte para ir afacendo o ambiente en Buenos Aires, Blanco Amor conseguiu que Risco lle enviase dous artigos, tiduados "Nacionalismo e socialismo", para seren publicados en *El Despertar Gallego*.<sup>67</sup> O mesmo tempo, a ORGA bonaerense axe con certa liberdade e absoluta influencia dentro do marco societario da FSG, como se manifestará no Congreso ordinario de 1930, no que imporá os seus puntos de vista e conseguirá o aliñamento da Federación coa ORGA, e asemade a acentuación dos caracteres nacionalistas da *Declaración de Principios* da FSG, malia non aceitando as propostas más radicais dos sectores arredistas, que trala escisión de 1929 gañaran peso no interior da Federación.

Ora ben, a actuación da ORGA bonaerense vaise desenvolver, polo menos nun principio, de acordo coas indicacións que Risco dera a Blanco Amor dende Berlín en xuño de 1930: diante da desorganización que imperaba no galeguismo, o mestre instáballe a que

*"Vds. se entendan principalmente co Otero Pedrayo e orgaízen a causa d'acordo co-il, sen romper cos da Cruxña, anque estando unidos en corda floxa, causa dourada pra Vds. que teñen que gozar por forza de maior autonomía qu'os agrupamentos de Galiza (...) actúen Vds. autónomamente, agardando a que eiquí se resolvant as causas -cousa de 3 meses- pra logo achegarse ao elemento serio do nacionalismo."*<sup>68</sup>

Iso facía Blanco Amor. Mais non por esa razón estaba disposto a refugar unha certa coerencia ideolóxica no substancial, como esclarexadoramente revelaba a Risco no maio de 1930: o posibilismo era unha estratexia para lograr un eco social para o nacionalismo, mais en ningún caso implicaba un rexeitamento dos

principios puristas ós que o poeta ourensán, cando menos *sullo scritto*, remanecía fidel:

*"Dempois da loita do derradeiro Congreso, a Federación volta a ser nosa con más firmeza que nunca (...) A única realidade social dos galegos d'América está na Federación, á que debemos atraquer co-a máxima sutileza e a troques de todos os autonomismos e demás gayolas urgentes (...) Independentemente do que sintamos e pensemos nós ao respecto do porvir da nosa Terra, a masa inmigrada non está preparada pra ir más aló do autonomismo... pra mover esta gran i-heteroxénea masa d'afiorres, todas as precaucións son poucas. Impónse pol-o tanto unha táctica do máis fino evolucionismo."*

Manifestaba mesmo a Risco o seu propósito de refundar a ING de Buenos Aires para atraer os arredistas e formar un grupo nacionalista compacto á marxe da Federación.<sup>69</sup> Xa que logo, Blanco Amor seguía a amosar un dobre vulto segundo as circunstancias, ainda que rematará por se decidir polo máis posibilista e que permitía unha praxe progresista. En parte, niso debeu influir dunha banda a constatación do avanco do sentimento republicano en Galicia e España; doutra banda, o seu refugo de certas afirmacións de Risco na súa carta dende Berlín, referentes á admiración deste por aspectos organizativos do NSDAP (e dos comunistas), ás que Blanco Amor respostará anonimamente dende o voceiro da FSG nalgúnha ocasión (co irónico tíduo: "As cousas que aprendeu o Risco..."). Os "posibilistas" non dubidarán no sucesivo no seu compromiso político republicano, empezando polo mesmo Blanco Amor, quen intervén activamente na xeira de mítins de apoio á República Federal que se desenvolven entre fins de 1930 e comezos de 1931; mais o apoio á ORGA tenderá a ser meramente táctico, en función sobre todo da indecisión e da división que imperaban entre os nacionalistas de Galicia. As simpatías ideolóxicas explícitas dos galeguistas bonaerenses seguían a situarse a carón das Irmandades.<sup>70</sup> En efecto, o derradeiro anceio

<sup>66</sup> Vid. "A VI Asamblea das Irmandades", ANT, n.271, 1.5.1930, 6-8.

<sup>67</sup> Hai que lembrar ademais que o período 1928-1930 foi o de meirande apertura ideolóxica de Risco cara posturas liberais e democráticas. Vid. Beramendi (1987: 351-353).

<sup>68</sup> Carta de Risco a Blanco Amor, Berlin, 6.6.1930 (ABA-BDPO).

<sup>69</sup> Carta de Blanco Amor a Risco, Buenos Aires, 9.5.1930 (Fundo Otero Pedrayo-Fundación Penzol, Vigo).

<sup>70</sup> Vid. p.ex.o "Manifesto dos nacionalistas de Bós Aires" reproducido en ANT, n.277, 1.11.1930, 5-6, no que, baseándose na tradición e textos programáticos das Irmandades, predican como de "urxente necesidade a

dos "posibilistas" porteños era a formación dun verdadeiro partido nacionalista unificado en Galicia, ó que estarían dispostos a apoiaren de contado, laiando Blanco Amor especialmente da división entre os mesmos republicanos, entre "barrantistas" (asinantes do Pauto de Barrantes: personalidades galeguistas á marxe de partidos) e "orguistas".<sup>71</sup>

Compre subliñar, en todo caso, que o intelectual comprometido e dinámico que neste intre é Blanco Amor convive tamén, quizabes en íntima contradicción, coa torre de almasí, e talvez nos poderíamos preguntar en ocasións se axía máis por avangardismo estético transmutado en política, que por verdadeiro compromiso ideolóxico e político.<sup>72</sup> Pero a praxe é o que conta no noso persoaxe. Así, intervirá e dirixirá activamente a campaña pro-Residencia de Estudiantes de Santiago, organizada e alentada polos sectores nacionalistas de Buenos Aires ó traveso do Comité Pro-Residencia de Estudiantes que se formou no seo da FSG, cuns tons claramente reivindicativos e galeguistas. Teimará Blanco Amor, nas súas intervencións a prol da campaña, na necesidade de defender a cultura galega dunha absorción por parte da española (castelá) en xeral, criticando o centralismo universitario madrileño e proclamando a imperiosa necesidade de que Galicia contase cun centro cultural propio, a fin de salvagardar a personalidade galega. Deste xeito, no manifesto de alento á campaña pro-Residencia, de autoría probada de Blanco Amor e Suárez Picallo, afirmarase:

*"Hay que ayudar a la universidad. Se imponen esfuerzos heroicos porque se trata de salvar algo que es*



5.- Blanco Amor no 1933 diante da estatua de Rosalía de Castro en Compostela. Foi un "grandioso acto nacionalista" no "Dia de Galicia".

*superior a nuestra vida misma: nuestra cultura, amenazada de muerte por el intento de centralización más monstruoso de cuantos se han perpetrado en contra de la libre y prolífica actividad de los pueblos de Iberia. El proceso de coloniaje y esclavización sistemática de Galicia culminaría si los gallegos acatásemos ese funestísimo intento. Recordemos que tanto aquí como allá, el verdadero pensar y el verdadero sentir de Galicia están secuestrados por los mantenedores del absurdo patriotismo oficial."*<sup>73</sup>

criación d'un forte partido nacionalista que sintetice as aspiracións do pobo galego apto pra autuar politicamente de por si, axeitando aúa doutrina e a sua acción ás máis inmeiatas aspiracións do noso pobo", se ben, ó non esistir tal partido naqueles intres, sería "deber ineludible" dos galeguistas "autuar e infruir en favor dos seus principios todal-as correntes que tendan a suprimir o vello tinglado da farsa do Estado hespánol, coa ollada sempre posta na finalidá do nacionalismo como meta da súa acción". O manifesto era asinado por Suárez Ficallo, Fuco Regueira, Lino Pérez, Blanco Amor, Campos Couceiro e Alonso Ríos.

<sup>71</sup> E. Blanco Amor, "Volviendo a Galicia", *Galicia*, n. 198, 15.3.1931, p.1.

<sup>72</sup> Non deixa de ser expresiva, p.ex., a frivolidade da seguinte carta de Angel Aller a Blanco Amor (Montevideo, 10.9.1930, ABA-BDPO): "llevamos la raza de Eça, aquel gran portugués que tanto habló, y tan liricamente. Esa herencia guardamos, pese a 1916, al Cabaret Voltaire y a su Dada, cuyo profeta Tzara lo pudo todo, menos cambiarnos el lirismo. Quiero decir, ahora, el galleguismo".

<sup>73</sup> Por la Universidad de Santiago de Compostela. Un llamado a la colectividad gallega, asinado por Cao Turnes, Antonio Bóo e C. Fernández, en teoría (Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Sección Histórica, mazo 512). Para unha contextualización da campaña pro-residencia de estudiantes, vid. Núñez Seixas (1992a: 173-178), e Varela González (1990: 59-84).

Os acontecementos precipitáronse coa proclamación da República o 14 de abril. O relouco que produciu entre os emigrados expresábase o voceiro da Federación, agora chamado *Galicia*, en grandes tiduares: "¡Viva la República Federal Española!", e clamando pola proclamación dun "Estado gallego soberano" a imitación da iniciativa de Macià en Cataluña. Pasadas estas valutas espranzas, non obstante, a FSG galeguista aprestóuse a dar corpo a un vello proxecto de intervención directa na política galega acarriñado no 1923 (cando se pensara en remesar a Galicia unha delegación en apoio de Basilio Alvarez) e que resucitaran as propostas dos galeguistas do Centro Gallego de Montevideo, Xulio Sigüenza e sobre todo o veleidoso presidente entón da institución galaicouruguai, o doutor Constantino Sánchez Mosquera: a súa proposta consistía en que se formase e enviase á patria unha delegación de representantes dos emigrados do Plata para intervir no vindeiro proceso electoral e, presumíase, autonómico.<sup>74</sup> Isto xa constituía unha iniciativa más ambiciosa, que a FSG retomará dende marzo de 1931, engadindo á misión proyectada unha función moi concreta: a de axir de mediadores entre as diferentes tendencias republicanas e galeguistas para conquerir un sólido partido político (Núñez Seixas 1992a: 203-204). De feito, boa parte do prestixio que a Federación, os galeguistas bonaerenses e o periódico *Galicia* adquiriran, debíase á intelixente batuta de Blanco Amor, quen se verá requerido polas diversas faccións galeguistas de Galicia para que puxese o voceiro federal ó servizo das mesmas.<sup>75</sup> No mitin celebrado pola Federación e a ORGA de Buenos Aires para celebra-lo trunfo da República, Blanco Amor, xunto cos demais líderes galeguistas da FSG (Campos Couceiro, Alonso Ríos, Suárez Picallo, Lino Pérez), compartirá unha serie de postulados de forte esquerdismo social expresados sobre todo por Suárez Picallo e Lino

Pérez.<sup>76</sup> Aínda que os entusiasmos iniciais foron deixando paso á dura realidade, perante a falla de proclamación dun "Estado gallego" federado en Galicia, o optimismo mantívose na FSG, sobre todo tendo en perspectiva as eleccións para Cortes Constituientes da República, previstas para xuño de 1931. Os preparativos para a formación da delegación dos emigrados aceleráronse, e, ainda que Blanco Amor figurou nos primeiros pláns para integrala, rexitou a designación aducindo motivos particulares.<sup>77</sup> Partirán así en maio Suárez Picallo, Alonso Ríos e Campos Couceiro pola FSG e ORGA bonaerenses, e Sigüenza polo Centro Gallego de Montevideo, coa misión de apoiaren un estatuto de Autonomía para Galicia o máis amplio posibel, defender os intereses e ideais das asociacións de emigrados, e contribuiren á formación dun bloco parlamentario de carácter galeguista nas Cortes Constituientes. Após dunha trunfal chegada e dun apoteósico recibimientu, soamente Suárez Picallo será elixido deputado. Mais o éxito, podíase considerar, era más que satisfactorio (Núñez Seixas 1992a: 207-208).

A partida dos devanditos deixaba un tanto reducido de efectivos o equipo de nacionalistas á frente da Federación, correspondéndolle agora o liderado a Blanco Amor, quen compartirá con Lino Pérez o labor de orientar e redactar o órgao federal *Galicia*, a prol das reivindicacións autonómicas e galeguistas e dos seus representantes en Galicia. Neste tempo, pódese considerar que xa para Blanco Amor comeza outra etapa, cuns caracteres que viñeran en parte prefigurándose desde 1928/29: a do galeguismo populista tendencialmente de esquerda.

<sup>74</sup> Vid. C.Sánchez Mosquera, "El Manifiesto de Barrantes", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Montevideo*, n.166, decembro 1930, 16-18, e X.Sigüenza, "La Hora de Galicia", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Montevideo*, n.167, xaneiro 1931, 3-4.

<sup>75</sup> Vid. as cartas de J. Calviño Domínguez (da ORGA) a Blanco Amor, A Coruña, 23.1.1931 (pregándolle poña *Galicia* ó servizo da promoción de Casares Quiroga, e que influise no posibel en *La Nación* ou *Critica* ), e a de Alvaro das Casas, 27.2.1931, teimando en que "*Galicia* sea el primer periódico nuestro." (ABA-BDPO).

<sup>76</sup> Vid. a crónica do acto en *Galicia*, 26.4.1931, p.1.

<sup>77</sup> Vid. *Galicia*, 10.5.1931.

### **3. O BLANCO AMOR DO POPULISMO GALEGUISTA (1931-1947/50).**

#### **3.1. O tempo da II República.**

Durante a etapa republicana, o Blanco Amor que no sucesivo cásque monopolizará a redacción e orientación do cada vez más prestixiosos *Galicia*, órgao da FSG -agás na paréntese da súa estadía en Galicia cara 1934/35- caracterizase por unha progresiva asunción dun esquerdismo contradictorio e polo aguzamento, segundo as circunstancias, dun nacionalismo -que dende agora prefire cáse sempre o castelán como vehículo de expresión- moderado e poético nas formas pero radical en ocasións, e en todo caso por unha prédica constante, en contraposición co seu dandysmo intelectual, da necesidade para o galeguismo de transformarse nun movemento popular de masas, que fixese da "presión dende abaxo" o eixo da súa actuación. Anos despois, Blanco Amor ainda se referiría ó seu esquerdismo e ó seu *socialismo* más instintivo que elaborado:

*"...sempre estiven perto das formas socialistas. Os meus compromisos foron íntimos, personais [sic], asegúñ iba descubrindo cousas. ¿Onde estiven? Penso que na esquerda, claro, pero dun xeito más sensitivo que racional. Era a posición dun home sensible ao que pasa ao seu arredor e que sabe que as vítimas son as clases explotadas, os más febles sempre." (Freixanes 1976:90)*

No eido da acción, Blanco Amor asumirá diante todo a defensa da actuación dos enviados da FSG a Galicia, e en especial do seu correligionario e amigo Ramón Suárez Picallo.<sup>78</sup> De feito, a sobranceira canle de información que nun comezo parece ter a Federación dos avatares políticos no Parlamento español é precisamente a abondosa correspondencia entre o sadense e Blanco Amor (malia, obviamente, non a única). Incluso, será proposto polo flamante deputado da ORGA perante o Goberno republicano español para unha Inspección

Diplomática en América que se non chegou a formar.<sup>79</sup> En teoría cando menos, as directrices dadas ós deputados galegos da ORGA -e especialmente a Suárez Picallo- dende a Federación bonaerense eran barís e apontaban cara unha certa intransixencia. Nun manifesto conxunto da FSG, *Galicia*, o Comité Pro-Residencia de Estudantes e a Institución Cultural Gallega, expoñíanse unha serie de puntos mínimos principais para seren defendidos nas Cortes: consolidación da República, considerando o réxime federal coma o máis idóneo; "intransigente afirmación del derecho de Galicia a gobernar de por sí, proclamando sobre todos los problemas españoles el principio democrático de la personalidad del pueblo gallego, reclamando para el mismo la más plena e integral autonomía"; mantenza do principio igoalitario da "región gallega" con Cataluña, esixindo para Galicia os mesmos dereitos e liberdades que lle fosen recoñecidas a aquela; unanimidade arredor do proxecto de Estatuto elaborado na Coruña, visto como un "programa mínimo" que de non ser aprobado nas Cortes Constituíntes, debería conllevar a retirada dos deputados galegos das mesmas.<sup>80</sup> Na práctica, porén, tanto a FSG porteña como o seu voceiro *Galicia* se amosarán moito más posibilistas, e iso correspondería precisamente co talante moderado dos seus principais alimentadores ideolóxicos neste período, ausentes Alonso Ríos e Suárez Picallo: Blanco Amor e Lino Pérez.

Blanco Amor, especialmente, pronunciarase a reo entre xuño e decembro de 1931 por unha política de acción, esquerdizante e galeguista, nun proxecto populista amplio, e sobre todo práctico. De tódolos xeitos, eses postulados supeditáronse en más dunha ocasión a unha vontade reivindicativa e dinámica, sen excesivas preocupacións ideolóxicas, e na que unha sorte de "macianismo" latexante, un anceio vago por emular o exemplo catalán da ERC de Macià -no que se vía a combinación dun líder carismático, un nacionalismo populista e integrador,

<sup>78</sup> Vid. E. Blanco Amor, "Sobre nuestra Delegación a Galicia", *Galicia*, n.212, 21.6.1931, p.1.

<sup>79</sup> Carta de Suárez Picallo a Blanco Amor, Madrid, 13.1.1932 (ABA-BDPO).

<sup>80</sup> "A los representantes del País Gallego en la Asamblea Constituyente de la República de España", asinado por Blanco Amor, Lino Pérez, F. Regueira, M. Campos Couceiro, M. Cao Turnes. *Galicia*, n.215, 12.7.1931, p.1.

republicano de esquerda, e asemade unha praxe política decidida- ás veces gaña a primacía.<sup>81</sup> Quizabes con razón escribía Vicente Risco en agosto de 1931 que os nacionalistas de alén mar levaban a Galicia un espírito de "revisión y crítica de la labor nacionalista desarrollada hasta ahora por nosotros (...) son más agitadores que nosotros, más hombres de acción; también, traen un nuevo espíritu aprovechable en muchas cosas".<sup>82</sup>

A urxencia principal era preparar en Buenos Aires a campaña pro-Estatuto, que se supoñía comezaría en breve, após da Asemblea pro-Estatuto da Coruña (xuño 1931). A estes efectos, xa no setembro dese ano, a ORGA bonaerense publicou un manifesto alentando ós inmigrantes galegos a apoia-lo proxecto de Estatuto apresentado polos deputados galegos, no que se vía un espírito aberto e progresista.<sup>83</sup>

As espranzas depositadas polos galeguistas republicanos da Galicia emigrada na ORGA van resultar decepcionadas, consonte avante 1931, ó que contribuíron non pouco as acusacións guindadas por Xulio Sigüenza dende *Correo de Galicia* contra do partido de Casares Quiroga, acusándoo de tinglado caciquil. En parte coincidían nisto as impresións de Campos Couceiro ó seu retorno a fins do verán (Núñez Seixas 1992a: 212-214).

A ruptura dos deputados galeguistas electos nas listas da ORGA, de cuxas tensións se facía eco profusamente Suárez Picallo en privado,<sup>84</sup> producirse a fins de 1931, e participaron activamente na fundación do novo Partido

Galeguista (PG), na asemblea de Pontevedra do Decembro/1931. Dende Buenos Aires, a FSG devorcouse por apoiar oficialmente ó PG, alentada sobre todo polos acesos artigos de Lino Pérez dende *Galicia* -xa que pareceu tomar por un tempo a batuta da opinión política do periódico- e pola actuación salientada de Suárez Picallo e Alonso Ríos na organización do novo partido. De feito, o PG viña respostar ó partido nacionalista unificado dentro da tradición das Irmandades pero cunha orientaciónnidamente republicana e de acción política, que era en definitiva o que os "posibilistas" viñan preconizando dende había algúns tempo. A adhesión da ORGA portearía será inmediata, e a da Federación será ratificada polo seu VIII Congreso, celebrado en febreiro de 1932, no que os nacionalistas conseguiron que a *Carta Orgánica* da FSG adquirise un carácter máisnidamente nacionalista, aínda que manifestase o seu compromiso republicano e a súa solidariedade cos demais pobos de España.<sup>85</sup> Na praxe, a FSG devorcabase por que o galeguismo se orientase cara unha posición esquerdista e populista, que buscarse unha síntese, coma na propia FSG, das tradicións agrarista-republicana, socialista e nacionalista, e que se concentrase nos problemas sociais "específicos" de Galicia. Un *Galicia first*, que, en verbas de Avelino Díaz, viría dado en razón da natureza diferente dos problemas de Galicia verbo da España, e polo tanto das solucións a aplicar: unha sorte de *socialismo galego*, afeito á realidade social de Galicia, composta de labregos e mariñeiros, e non tanto de obreiros.<sup>86</sup> A FSG figurará en

<sup>81</sup> Vid. p.ex. "El catalanismo no es un partido político, es el levantamiento de todo un pueblo, es la conciencia de Cataluña en marcha", *Galicia*, 22.2.1931. Para unha definición dese "modelo populista" da Cataluña republicana, vid. Ucelay da Cal (1982).

<sup>82</sup> V. Risco, "Los galleguistas de América", *Euzkadi*, 13.8.1931. Concluía nembargantes ourensán: "son excelentes colaboradores, con tal de que no sean ellos solos los creadores de la Galicia de mañana".

<sup>83</sup> *Galicia*, 6.9.1931, p.3.

<sup>84</sup> Vid. carta de Suárez Picallo a Blanco Amor, Madrid, 6.9.1931 (ABA-BDPO): "la mayoría de los diputados no saben un pito de política y (...) otros no saben más que hallar dificultades. Es terrible. Ya tuve varias agarraderas especialmente con Novoa Santos, con Tenreiro y con otros que creen que todo está resuelto con ir a las sesiones. Villar Ponte en política es un fracaso rotundo. Está atacado de abulia. No se mueve, y con los morros de muchos debo sustituirlo especialmente en las negociaciones con los grupos vasco y catalán".

<sup>85</sup> Vid. Núñez Seixas (1992a: 215-216). A "Declaración de Principios" aprobada rezaba: "Galicia constituye, dentro del Estado español, una realidad nacional, geográfica y espiritualmente caracterizada y dotada de unidad", polo que se haberían abalroa-los problemas do país desde o "punto de vista exclusivo del interés de Galicia y de las conveniencias del pueblo gallego", proclamando veladamente así mesmo o dereito de autodeterminación: "la más plena y absoluta soberanía del pueblo gallego, para regirse y administrarse por sí, en armonía con los demás pueblos que componen la joven y democrática República española". O PG tamén recoñeceu como órgao oficial *Galicia* de Buenos Aires, e como entidade aderida á ORGA portearía.

dante cun estatus especial de "entidade aderida" ó PG. Igoalmente, o dominio na Executiva da Federación será garantido co trunfo repetido cada ano, no sucesivo, da candidatura denominada "Azul y Blanca", máis oficialista, e na que figuraban algúns dos más asiduos "posibilistas" (Lino Pérez, Lorenzo Rico, Cao Turnes, Campos Couceiro), que reservarán a Blanco Amor o control da Comisión de Prensa, e xa que logo, do *Galicia*.<sup>87</sup>

O escritor ourensán amosarase sempre conforme con tanto semellase rebeldía, protesta ou insubmisión en Galicia (p.ex., diante das mobilizacións populares de 1932 en Ourense que protestaban pola supresión das obras do ferrocarril con Zamora), sempre disposto a interpretalo como "paso preciso" para conseguir obxectivos nacionalistas por parte do Goberno central.<sup>88</sup> E iso relaciónase cunha certa etapa de desencanto, común á boa parte do galeguismo bonaerense, perante a constatación de que o proceso autonómico galego non era encostado polo Goberno republicano, como se supuxera denantes.<sup>89</sup> Pero a dinámica na que se vai concentrar a FSG durante 1932 e 1933 será a campaña pro-Estatuto de Autonomía, apoiando neste senso o labor do PG e do Comité Central de Autonomía Gallega de Santiago,<sup>90</sup> ben que este posicionamento táctico non comportaba desbotar totalmente as arelas federalistas sempre presentes nos galeguistas bonaerenses -á parte a posición arredista da Sociedade Nacionalista Ponal. Blanco Amor verá especialmente na iniciativa pro-autonómica dos concellos galegos e na Asemblea promovida polo



6.- Blanco Amor nunha intervención radiofónica con Manuel Azaña no 1935.

concello santiagués na capital de Galicia para o decembro de 1932 unha primeira manifestación da vontade popular a prol do Estatuto,<sup>91</sup> e baseará a súa espranza neste como "un ensayo integral de rectificación histórica que puede y debe trocar en un sentido extenso y profundo, todo el complejo de la vida gallega", e á vez para eliminar o caciquismo e da-lo poder ás verdadeiras élites capacitadas para ser dirixentes en Galicia (é dicir, a intelectualidade galeguista).<sup>92</sup> Mediante a pruma de Blanco Amor, no outubro de 1932 *Galicia* guindará outra idea para apoiar activamente o Estatuto: xa que as circunstancias económicas do tempo -nunha

<sup>86</sup> A. Díaz, "Ante el próximo Congreso de nuestra Federación", *Galicia*, 24.1.1932, p.3.

<sup>87</sup> O mesmo Blanco Amor lembra no xullo de 1932 as diferentes presións que lle chegaban dende as sociedades federadas verbo da orientación do voceiro da FSG: mentres algunas lle pedían que *Galicia* deviñese un órgano ó estilo doutras revistas de sociedades galegas, informando máis das "crónicas de sociedad", etc., outras esixianlle que tratase unha temática máis española en xeral que galega, "En medio de esta encrucijada de opiniones (...) la labor de la Comisión de Prensa es penosa" ("Sobre la orientación de 'Galicia'", *Galicia*, n.270, 31.7.1932, p.1).

<sup>88</sup> E. Blanco Amor, "En carne propia", *Galicia*, n.252, 27.3.1932, p.1.

<sup>89</sup> Vid. p.ex. o artigo de Blanco Amor "Pequeñeces", *Galicia*, n. 253, 3.4.1932.

<sup>90</sup> Sobre o proceso autonómico en xeral, vid. Vilas Nogueira (1975). Sobre a súa repercusión en América, vid. Núñez Seixas (1992a: 219-237).

<sup>91</sup> Vid. Blanco Amor, "Compostela y la Autonomía de Galicia", *Galicia*, n.262, 5.6.1932, p.1: "La intervención de los Ayuntamientos gallegos en nuestra cuestión autonómica representa el primer y más seguro paso hacia la legalización del Estatuto y hacia su popularización. Auxiliase el noble gesto de los ediles compostelanos con una propaganda activa, como la que realiza el Partido Galleguista, y estaremos en camino de tentar la consulta plebiscitaria del pueblo gallego".

<sup>92</sup> Blanco Amor, "El Estatuto de Galicia: factores espirituales de oposición", *Galicia*, n.281, 16.10.1932, p.1.

Arxentina afectada polas consecuencias da crise de 1929, bloqueo de xiros, etc.- amais da "conocida racañería y la indiferencia zoológica de los gallegos pudientes" non permitirían campañas propagandísticas de meirandes ambicións (p.ex., levar a Galicia unha nutrita delegación de propagandistas), empurrará ás sociedades galegas de Buenos Aires a facer propaganda epistolar a prol do Estatuto (inserindo mensaxes e lemas nas cartas ós seus familiares alentándolos a votalo favorabelmente).<sup>93</sup> En todo caso, o eco destas iniciativas de propaganda foi desigoal, dependendo en moito das diferentes sociedades membros da FSG. A campaña pro-Estatuto continuou durante todo 1932, e acadou o seu cumple coa celebranza da Asemblea de Concellos en Compostela, á que se aderiu a FSG entusiasticamente, o mesmo que varias sociedades de emigrados, aínda que non tan masivamente como Blanco Amor pedía no decembro de 1932.<sup>94</sup> O protagonismo en Buenos Aires fóille arrebatado un tanto á FSG por parte do Centro Gallego, que en decembro de 1932 se pronunciou por fin claramente a prol das reivindicacións autonómicas, pero a pesares de todo, o galeguismo bonaerense podía darse por satisfeito, en canto conquerira estende-lo apoio ó Estatuto, malia fose más tédido, a circos máis amplos da colectividade galega de Buenos Aires. E, doutra banda, o apoio ó PG, malia fose por pasiva, estendeuse notablemente entre as sociedades galegas da Arxentina. Como un editorial, de probábel autoría de Blanco Amor, lembraba no marzo de 1933, "Isa mocedad avencellada no amor a Galicia, que forma nas ringleiras do Partido Galeguista, é merescente de tod-o noso agarmo (...). Somentes pol-o esforzo d-iles teremos deica pouco a Autonomía pol-a que todos temos que loitar".<sup>95</sup> O mesmo grao de identificación co PG espreme o ourensán nas vésperas da súa viaxe a Galicia, no febreiro de 1933, partindo da concepción risquiana da influencia da *Terra*, que Blanco Amor prefería identificar

poeticamente coa paisaxe, sobre a *raza galega*, para configura-lo carácter nacional do país, o *Volksgeist*; pero a súa concepción básica de raigame aínda risquiana se complementaba porén cunha concepción política decididamente evolutiva e modernizadora do movemento nacionalista: despois da fase dos poetas e dos artistas, continuada polas Irmandades, sería preciso conquerir ás clases más modernizadas de Galicia, as cidades, para espalla-lo galeguismo.<sup>96</sup> Blanco Amor, porén, non definía con claridade qué sectores sociais novos pretendía que o PG conquerise: probabelmente, a pequena e media burguesía e a clase obreira. En boa parte tamén porque, literato como era, partía dunha concepción da construción dunha *cultura nacional* bastante semellante á que profesaba o *Modernisme* catalán, fortecida pola súa vivencia porteña: para evitar que a cultura galeguista recuncase no enxebrismo, que el obviamente refugaba, era preciso construir un mercado cultural moderno, partindo das cidades. E era necesario tamén, e neste senso elevou unha nova proposta ó IX Congreso da FSG no febreiro de 1933, que as escolas mantidas polas escolas de emigrados se galeguizasen plenamente, para así poderen servir de "trinchera" se a anceiada autonomía non se conquería.<sup>97</sup>

A partida de Blanco Amor para Galicia no marzo de 1933, co desexo quizabes de se establecer de novo no país, deixou á FSG e sobre todo ó seu órgano, *Galicia*, en máns más radicais (Regueira, Campos Couceiro, Lino Pérez e sobre todo Avelino Díaz). Coincidindo coa súa ausencia, de feito, e diante dos atrancos gubernamentais impostos á tramitación do prebiscito de Autonomía para Galicia, *Galicia* pasou durante un tempo a defender para o galeguismo unha confusa posición *sinnéiner* de non collabora con outros partidos políticos, chegando mesmo a arroutadas de arredismo subliminal ó se facer eco da formación de Galeuzca, ou ó comenta-la parálise do proceso estatutario.<sup>98</sup>

<sup>93</sup> Blanco Amor, "Una gran campaña epistolar", *Galicia*, n.282, 23.10.1932, p.1.

<sup>94</sup> Blanco Amor, "El Estatuto Gallego. Un pedido a las sociedades", *Galicia*, n.288, 4.12.1932, p.2.

<sup>95</sup> Ed., "O Estatuto y os partidos", *Galicia*, n.304, 26.3.1933, p.1.

<sup>96</sup> Blanco Amor, "Hosanna Galicia", *Galicia*, n. 300, 26.2.1933. Vid. tamén Allegue (1993: 114-115).

<sup>97</sup> Vid. *Galicia*, 26.2.1933, p.2.

<sup>98</sup> Vid. p.ex. os editoriais "Palabras sobre el Estatuto Gallego", *Galicia*, n.315, 11.6.1933; "Nosotros Solos", *Galicia*, n.319, 9.7.1933; "Se alborota el avispero", *Galicia*, 13.8.1933, etc.

Blanco Amor seguiría colaborando e participando activamente, de maneira independente e gracias ó seu prestixio adquirido como xornalista, coa campaña pro-Estatuto en Galicia, sendo requerido nalgúnha ocasión para tarefas propagandísticas polo Comité Central de Autonomía Gallega.<sup>99</sup> Pero a estadía en Galicia de Blanco Amor será polémica. O ourensán non estaba, nin estivo xamais, afiliado ó PG, e mantería unha posición moi independente e aldea ás disciplinas partidarias, o que lle ocasionara relativos problemas xa en Buenos Aires -no seo mesmo da FSG- e llos causará en Europa co propio PG. Dunha banda, ensarillouse dende o verán de 1933 nunha aceda desputa xornalística co partido, que se aguzará durante as eleccións a Cortes de novembro, e que viña recuncar sobre a polémica desatada no mesmo PG verbo da estratexia a ser seguida no vindeiro: cumpría continuar coa certa indefinición doutrinal no preito dereitas/esquerdas, refugando calquera sorte de pautos electorais cos partidos *españolis*, ou era máis prudente politicamente chegar a pautos pontoais e alianzas colaboracionistas con outras forzas republicanas ou de esquerda?<sup>100</sup> A postura de Blanco Amor consistiría na necesaria convención coas esquerdas españolas e cos republicanos, en orde a afortalar a República ameazada pola victoria dereitista de novembro de 1933, e garantir o trunfo futuro do Estatuto. O escritor criticaba no PG o seu subxacente ruralismo (por outorgar prioridade na súa propaganda ó campo, no

canto de ás cidades); para Blanco Amor, recunciando en ideas anteriores, era preciso gañar as cidades para poder así desenvolver unha política *moderna*; asemade, criticáballe a súa indefinición en temas coma o relixioso ou o social, o que era xulgado polo escritor ourensán como un grande erro político: o Estatuto, por moito que fose de seu apolítico, só tiña posibilidades de ser concedido por un goberno de esquerda en Madrid. Era necesario, xa que logo, devorarse de xeito decidido cara esta, e consideraba así incluso como positivo que o PG se esgazase nunha á de dereita e outra de esquerda.<sup>101</sup> Outro erro táctico dos galeguistas sería considerar ó ciudadán galego como "o que debía ser", no canto do que era: xa que o pobo galego, "masa en el sentido más pesado, compacto e informe de la palabra, que se mueve con desplazamientos lentos, casi instintivos", non posuía unha conciencia disterada de cidadanía (verbo da española en xeral), a polarización crecente da política *española* (dereitas/esquerdas) tamén se reflectía no seu seo. Endalí que fose preciso definirse en temas de política española, ou se devorcar cara o arredondo, se se quería ser coerente.<sup>102</sup> Sen atacar a idea da mantenza dun partido ou de partidos de tipo nacionalista, si que criticaba o, segundo el, excesivo purismo e idealismo dos militantes do PG, que os alonxarian da realidade galega.<sup>103</sup> En definitiva, Blanco Amor coidaba que o PG obraba en política práctica cun simplicismo e misticismo excesivos, que eran

<sup>99</sup> Deste xeito, no agosto de 1933, o Comité Central de Autonomía Gallega de Santiago dirixíase a Blanco Amor, encargándolle a redacción dun manifesto en defensa da autonomía de Galicia e alentando á concordia entre tódolos galegos (carta do Comité Central de Autonomía Gallega a Blanco Amor, Santiago, 8.8.1933, ABA-BDPO). O ourensán descarregou duras invectivas contra da ORGA de Casares Quiroga pola súa falla de interese en promove-la celebranza do prebiscito estatutario. Vid. "Política gallega. Los culpables", *Galicia*, n.329, 17.9.1933.

<sup>100</sup> Vid. Castro (1985: 574-575) para unha descripción da polémica. Tamén, Allegue (1993: 122-123), quen menta explicitamente a animadversión persoal que Blanco Amor sentía, curiosamente, cara o barroco e conservador Otero Pedrayo, o que podería ter influído tamén no tón acre dos artigos de Blanco Amor, quen miraría na indefinición do PG un influxo do catedrático ourensán.

<sup>101</sup> Blanco Amor, "Crítica del Partido Galleguista. Izquierda y derecha III", *El Pueblo Gallego*, 16.9.1933, p.12: "Si es menester que el Partido se divida, venga en buena hora la división. El espectáculo de una minoría galleguista de tres diputados que aparecen discrepando en sus votaciones parlamentarias, no es nada aleccionador para las masas, aún cuando unos cuantos lo encontramos perfectamente normal. Pero Galicia no somos nosotros y esto hay que aprenderlo y hacerlo conducta política".

<sup>102</sup> Blanco Amor, "Crítica del Partido Galleguista. El hecho gallego y el hecho español", *Galicia*, n.322, 30.7.1933, p.1. Vid. tamén id., "Crítica del Partido Galleguista. Izquierda y derecha", *Galicia*, n.323, 6.8.1933, p.1.

<sup>103</sup> E. Blanco Amor, "Crítica del Partido Galleguista. Teoría y práctica política", *El Pueblo Gallego*, 14.9.1933, p.12.

incomprensíbeis para a mayoría do pobo galego. O PG víuse na obriga de retrucar ós seus ataques, e fixoo mediantes o líder precisamente máis oposto ó que Blanco Amor describía, isto é, Alexandre Bóveda, pero aquél non deixou de provocar nas páxinas de *A Nosa Terra* algúns debates entre partidarios e detractores dos seus plantexamentos.<sup>104</sup>

Atal disidencia de Blanco Amor, amais de provocar un debate que causou nel, ó que parece, unha fonda desilusión perante a situación real do galeguismo e do país en xeral, lle acarrexou enemistades en Buenos Aires, no interior da FSG en concreto, onde os seus adversarios cobraron argumentos coa "infidelidade" do ourensán ó PG. Dentro da Federación, cara 1933, un grupo de oponentes á dirección cásé hexemónica de Campos Couceiro e Cao Turnes, e no que se aliñará incluso Lino Pérez a carón de F. Regueira, se nucleou arredor da *Organización Nacionalista Republicana Galega* (ONRG), nova denominación da ORGA e a eles se sumaron membros da SNP. O relativo alonxamento de Blanco Amor do galeguismo serviría de estímulo, entre outros factores, para o entendemento deses sectores oponentes, que plantexaron batalla cunha lista alternativa nas eleccións á Xunta Executiva da FSG no 1934, sendo derrotados só por estreita marxe (Núñez Seixas 1992a: 242-245). Perante as eivas internas, e aínda que lle foi reservado un posto na Comisión de Prensa, a Xunta Executiva da FSG, por medio de Campos Couceiro e Cao Turnes, recomendou a Blanco Amor que acalase os seus ataques ó PG, se ben non aceitaron a demisión que, para evitar males maiores, remesara previamente o escritor ourensán.<sup>105</sup>

E era que, en verdade, Blanco Amor tampoco ofrecía ningunha alternativa política ó PG. Malia o seu prestixio de xornalista confería eco ós seus artigos e creaban opinión, distaba moi-to de apresentar coerencia. Así, pouco despois

das eleccións de novembro de 1933, ó analisar a nova situación política creada, coidaba dunha banda que o Partido Republicano Gallego (nova denominación da ORGA) non debía desaparecer, senón orientarse por un vicio más reivindicativo, e doutra banda, que o PG, cuxos perfís ideolóxicos se ían clarexando, "no tiene otras posibilidades de triunfo que las que pueda conseguir con su prédica directa y las que puedan darle las sociedades agrarias, las cuales, si tienen verdadera conciencia de su cometido, deben volcarse en masa al lado de los galeguistas", louvando non obstante o antipautismo do PG cos partidos estatais...<sup>106</sup> E, aínda máis, ó pouco tempo Blanco Amor voltaba surprender a propios e estranos con outra das súas polémicas crónicas desde Galicia, na que denunciaba de novo o seu desencanto coa actuación trabucada do PG (que lle levara, na súa opinión, ós seus parcos resultados nas eleccións xerais), o que xustificaría a súa decisión de se non afiliar persoalmente ó partido. E, como colofón, recomendará á FSG aliñarse co Partido Socialista, sempre e cando este se amosase respectoso coas reivindicacións autonómicas:

"...para estar de acuerdo con nuestro fervor republicano, laico y netamente izquierdista, manifestado en toda hora (...) no queda en España más que un camino (...). Este camino es el Partido Socialista. Al Partido Socialista le debíamos la República y le deberemos su continuación (...). Confiamos todavía en que las izquierdas republicanas se reorganicen en un gran partido que contemple las exigencias regionales con fina mirada histórica y dentro del cual podamos luchar por nuestras libertades mínimas. O esto o que el Partido Galleguista aclare su situación y que en esa situación quepa nuestro ideario con todas sus exigencias."<sup>107</sup>

Ese anceio por atopar un novo partido de esquerda republicana -que, por certo, non pasa por ningún achegamento á *Unión Socialista Gallega* de Xoán Xesús González-, e que

<sup>104</sup> Vid. p.ex. "O agro e a cidade", ANT, 11.9.1933, p.3; "Dereitas i esquerdas", ANT, n.312, 2.10.1933, p.2.

<sup>105</sup> Vid. cartas da FSG a Blanco Amor, Buenos Aires, 3.5.1934 e xuño 1934 (ABA-BDPO). Nesta derradeira, recordábaselle explicitamente: "Nosotros tenemos fe en los dirigentes, nos parecen hombres integros y serios, pero reconocemos que políticamente pueden ser unos 'chambones'. Pero nunca podemos olvidar que aquí tenemos a toda la marralla antiautonomista, a lo Lence, a la que hay que evitarle en lo posible el gusto de ver que seamos nosotros mismos los que zurrámos al único grupo político que nos ofrece alguna fe".

<sup>106</sup> Blanco Amor, "El cambio de Gobierno y Galicia", *Galicia*, n.333, 15.10.1933, p.1.

<sup>107</sup> Blanco Amor, "Cartas en primera persona. Dos caminos posibles", *Galicia*, 11.2.1934, p.3.

incluíse a defensa da Autonomía, só atopará un camiño algúns meses máis tarde: a integración da ORGA en Izquierda Republicana, o que sen dúbida coadxuvará tamén á incorporación de Blanco Amor ás ringleiras deste partido en Madrid no 1935. A FSG e Galicia, de feito, só en parte seguiron o seu consello. Continuarán mantendo relacións co PG, malia dentro deste optasen pola opción máis esquerdista: como lembraba un editorial do voceiro federal no marzo de 1934, "o noso lema frente ó centralismo español tende ser máis ou menos este: esquerdismo auténtico, nazionalismo galego, puro!".<sup>108</sup> De feito, Blanco Amor semellaba aqueixado de teima anti-PG: cando o partido encete conversas, tacticamente, con Izquierda Republicana xa no marzo de 1934, o que foi recibido moi ben pola FSG, Blanco Amor seguiu a xulgalo con invariábel escepticismo, que al-biscaba acaidamente as diferencias que dentro do PG orixinaría ese inicial *rapprochement des gauches*.<sup>109</sup> Aínda máis, un tanto ironicamente, amosariase no novembro do mesmo ano favorelbel a un entendemento entre o PG e o comunismo, lembrando o exemplo soviético de convivencia de nacionalidades e as teorías dos bolcheviques sobre a cuestión nacional.<sup>110</sup> Mais non pasaría daí o seu achegamento ó comunismo.

Realmente, tanto Blanco Amor como, en parte, a FSG seguían a estaren ancorados naquel entusiasmo nacionalista e populista de 1931, e recorrentemente retornarán a el, malia con matices, perante a falla de perspectivas que o "Bienio Negro" e o conseguinte paralisoamento do proceso estatutario provocaba en España e en Galicia. É máis, Blanco Amor encerrárase dende comezos de 1934 nunha posición de galleguismo independente e "modernista", que

non sabía moi ben o que quería, como lle expresaba a Suárez Picallo:

"...me nego a figurar en agrupacións políticas de capillinas, de localismos cativos, de indecisións, de reviravoltas, de medios xestos e de fetiches con pes de barro (...) Ou se fai un galeguismo grande, optimista, mozo, imprudente, agresivo e aberto ou eu continuarei a denunciarlo como una [sic] cousa xiada, triste, por veces cursi, por veces solene, e casi decote miúdo, confuso, envolto i-enlameado de confusións, que é o que é hoxe".<sup>111</sup>

A típica postura do xove intelectual inadaptable no galeguismo, que ben semella nalgúns aspectos a aqueles *angry young men* das Irmandades dos primeiros anos 20 (Cebreiro, Manoel Antonio), segundo definición de Beramendi,<sup>112</sup> combinábase co espectáculo das diferencias de pareceres dentro do PG e a imposibilidade, no fundo, de entende-la política con senso práctico que en teoría viña postulando como necesaria. Nos posicionamentos políticos de Blanco Amor sempre haberá esas inadecuacións entre as grandes imaxes e a realidade da política, entre os proxectos ilusorios e as necesidades do quefacer cotián dos partidos. E, a maiores, o urbanismo subxacente da formación política de Blanco Amor leváballle á esaltación da necesidade de *modernizar* o galleguismo: pero en Galicia se non podía facer política sen os sectores labregos e mariñeiros. De tódolos xeitos, eis un risco fundamental que distera ó noso autor do tamén populismo galeguista tendencialmente de esquerda que caracterizaba a un Castelao: mentres o proxecto político deste, malia integrador, non podía evitar unha certa señorade do mundo rural e da súa utópica harmonía social (Beramendi/Máiz

<sup>108</sup> "Esquerdismo auténtico e nazionalismo galego, puro", Galicia, n.354, 11.3.1934, p.1.

<sup>109</sup> Blanco Amor, "Apostilla a un acuerdo del Partido Galleguista", Galicia, n.356, 24.3.1934, p.1.

<sup>110</sup> Blanco Amor, "Antítesis galleguista: el comunismo", Galicia, n.390, 18.11.1934, p.1. É absolutamente desaforado afirmar á luz deste artigo, como fai Rodríguez (1993:200) que "Blanco Amor, na práctica política e na racionalización da historicidade, esforzou-se (...) en vincular galleguismo con teorías progresistas, de maneira concreta o marxismo, na súa aplicación 'comunista'".

<sup>111</sup> Carta de Blanco Amor a Suárez Picallo (copia), 28.3.1934 (ABA-BDPO).

<sup>112</sup> Beramendi (1987:434-439). Exemplo dese posicionamento estético levado á política en confusa mestura sería o manifesto *Más Alá*, asinado por Manoel Antonio e Cebreiro, no xuño de 1922; ou os artigos de Xesús Bal y Gay en *El Pueblo Gallego* no 1923. Outro caso sería o da posición política fluctuante de Alvaro das Casas nos anos 30, decote abalando entre a prédica dunha indefinida "revolución" e un meirande conservadorismo organicista á hora de defini-lo seu conceito de Nación, o que lle levará a afirmar metas sobre todo culturais e estéticas.

1992), Blanco Amor ostentaba un populismo de grandilocuente verbeira, pero dun mal definido interclasismo e, implicitamente, urbano. Non deixaba de ser un pequeno burgués ourensán que madureceu na mundana Buenos Aires.

En agosto de 1934, Blanco Amor estableceu-se en Madrid, adicado fundamentalmente a actividades literarias e ó contacto co avanguardismo literario -en parte da mán, por certo, do xa fascista Eugenio Montes-, e rompe un tanto co "provincianismo" galego que no fundo lle quedaba pequeno. Estreitou algúns contactos coas esquerdas republicanas, e organizou ciclos de conferencias radiadas cara América, coa participación do mesmo Manuel Azaña, home polo que sempre sentira grande admiración.<sup>113</sup> Quizabes o encontro con Azaña foi determinante para que se afiliase a Izquierda Republicana, malia non figurarse xamais como un home salientado do partido.<sup>114</sup> Durante 1935, de feito, Blanco Amor garda un silencio cásé absoluto no eido do xornalismo político. Significativamente, o desinterese real de Blanco Amor de todo o que fose esquerda obreira se pode apreciar, sen máis, no feito de que a penas escribise unha liña sobre a revolución frustrada de outubro de 1934.

A súa volta a Buenos Aires, no novembro de 1935, a situación política en Galicia xa mudara significativamente. O PG pandara definitivamente cara a esquerda, sufrindo por ese feito a esgazadura da Dereita Galeguista entestada por Risco e Filgueira. Así, o partido aceitara se integrar na candidatura da Frente Popular para as eleccións de febreiro de 1936, o que foi

entusiasticamente secundado en Buenos Aires, onde a FSG e a ONRG promoveron unha febril campaña de recollida de aportacións para financia-la campaña electoral do PG (formando un "Frente Unico Galleguista de Izquierda"). Blanco Amor se amosaría moito más conciliador co PG, precisamente por aquel xiro táctico, e na súa primeira intervención pública en Buenos Aires recén chegado teimarán na necesidade de apoiar ás esquerdas para que éstas fixesen posibel unha reestructuración federal da República. Na práctica, renació a miraxe de 1931;<sup>115</sup> sen deixar de expresar o ourensán o seu refugo dos maximalismos nacionalistas.<sup>116</sup>

Cando se celebren as eleccións de 1936, con trunfo da Frente Popular e bós resultados para os candidatos galeguistas -entre eles Suárez Picallo e Alonso Ríos como "agrario de esquerda"-, o entusiasmo rebordará en Buenos Aires. A FSG e *Galicia* porán sobre o tapete, de contado, a cuestión da autonomía galega, defendendo abertamente que nacionalismo e esquerda habían unirse por sempre, aínda que tendesen a ficar no consabido populismo esquerdistas de compromiso, en certo xeito idealizado pola distancia.<sup>117</sup> Blanco Amor, quen xa vivira de máis preto a política galega, non compartillará tons tan entusiásticos, e recomendaba en primeiro lugar unha "limpeza" de elementos considerados nefastos para a República e para Galicia, que ainda saíran de novo elixidos.<sup>118</sup> É entón cando aguza a verquente de compromiso social do seu discurso, que non é tanto obreirista como dun republicanismo radical, laico e reformista que se define por

<sup>113</sup> Vid. carta de Azaña a Blanco Amor, Madrid, 8.3.1935 (ABA-BDPO).

<sup>114</sup> Será curioso que, á súa volta a Buenos Aires a finais do ano, Blanco Amor se abstña totalmente de colaborar no semanario afín a Izquierda Republicana entre e colectividade hispánica da cidade, o *Noticiero Español*, órgao polo que, ó contrario, sentía grande desprezo. Probabelmente, iso teña que ver con que a ONRG atopara cobexo precisamente nese semanario, e así mesmo con que José Barrio, antigo dirixente da primeira Casa de Galicia, figurase á frente do mesmo.

<sup>115</sup> Así o expresou Blanco Amor no mitin en conmemoración de Pardo de Cela, o 17 de decembro do 35 (*Galicia*, 22.12.1935, p.1).

<sup>116</sup> No banquete de homaxe que a Casa de Galicia lle dispensou en xaneiro de 1936, Blanco Amor expresaría, segundo o resumo ofrecido por *Noticiero Español*, 26.1.1936, p.5, que "...a España la juntó Dios en una geografía y no la separarán los gobernantes ni los separatistas, máxime cuando España sin Cataluña, sin Galicia, sin Vasconia, dejaría de ser ese conjunto de razas del cual han surgido generosamente los soplos de la civilización (...) las regiones deberían respetarse mutuamente sus derechos y los españoles amar por sobre todas las cosas a España".

<sup>117</sup> Vid. p.ex. "En torno a la autonomía", *Galicia*, n.457, 1.3.1936, p.1; "Pensamiento y acción del movimiento galleguista", *Galicia*, 8.3.1936, p.3.

<sup>118</sup> Blanco Amor, "Consideraciones post-electorales. Los puros y los impuros", *Galicia*, 8.3.1936. Curiosamente, cita como un deses elementos a "eliminar" a Ramón Fernández Mato.

oposición ó conservadorismo social e relixioso das clases altas e do clero español, ós que se oporía a vontade do Pobo coma un conxunto (mais non coma unha clase).<sup>119</sup>

No periodo que decorre entre marzo e xullo de 1936, a FSG, xunto con boa parte das asociacións galegas de Buenos Aires e, por suposto, os nacionalistas -agás a postura intransixente mantida polos arredistas- se volverán en apoiar a campaña pro-Estatuto de Autonomía, que agora si se apresentaba como cercán e posibel. En todo caso, os acentos esquerdistas figurarán agora, na propaganda de *Galicia* e da FSG, con meirande intensidade que hogano (Núñez Seixas 1992a:234-236). Nesa campaña pro-prebiscito en Buenos Aires, ainda terían lugar varias retesías co Centro Gallego, que se sumara á mobilización e pretendía monopoliza-lo protagonismo, e con ese fin convocara a comezos de xuño unha xuntanza de tódolos sociiedades galegas de Buenos Aires para elaborar unha postura común: a FSG, mediante a pruma, outravolta, de Blanco Amor, se desentenderá dese proxecto, alentado por un enviado do sector máis conservador do *Comité Central Pro-Autonomía de Galicia*. O ourensán recordaba explicitamente que a votación do Estatuto "es un acto de política nuestra, es decir, de política de izquierdas".<sup>120</sup> Blanco Amor era, pois, arrastrado polo sentir xeral da Federación e dunha parte importante da colectividade galega. De tódolos xeitos, e despois de certas negociacións, finalmente se chegou a elaborar unha adhesión conxunta de 65 entidades de Buenos Aires, entre elas o Centro Gallego e a FSG.

En canto o telégrafo levou a Buenos Aires a nova da victoria (oficial) do resultado

afirmativo na consulta prebiscitaria do 28 de xuño, a FSG considerou cumprido un dos seus obxectivos políticos, e de contado pasará a proponer unha unidade das sociedades galegas de Buenos Aires, xa que, unha vez conqueredo o Estatuto, as divisións entre socialistas, nacionais e arredistas non terían senso. Buenos Aires, presumíase, había se-lo espello do que se supoñía ía constituir a alianza básica que sostaría a República en Galicia: socialistas e galeguistas.<sup>121</sup> E para iso era preciso conqueri-lo control do Centro Gallego, tarefa que empeza ba a se plantear ó traveso do influxo da FSG na Agrupación "A Terra" e na xurdinte *Agrupación Galleguista del Centro Gallego*, comandada por Lino Pérez -arredado xa da FSG- e Daniel Calzado (Núñez Seixas 1992a:258-259). Pero as novas retesías entre a FSG e a ONRG, comandada esta derradeira por Rodolfo Prada, non degoiraban en Buenos Aires un futuro viábel de colabora estreita entre os esquerdistas e os nacionalistas integrais, quen, escudándose na súa condición de delegación do PG alén mar, non agachaban o seu anejo de dirixir a orientación política da colectividade, en primeiro lugar na FSG.<sup>122</sup> Isto terá consecuencias no futuro, en canto marcará as eivas que nos anos posteriores terá o galeguismo para recupera-lo creto do que disfroutara na podente Federación, estando Blanco Amor en máis dunha ocasión -en parte tamén polas súas boas relacións persoais con algúns dos líderes da ONRG, como Prada ou Lino Pérez-, nunha posición de obrigado mediador entre galeguistas e esquerdistas-republicanos. En todo caso, pouco tempo haberá para máis discusións, poisque o 17 de xullo de 1936 se

<sup>119</sup> Vid. Blanco Amor, "La Derrota de Dios", *Galicia*, 23.2.1936: "Sencillamente, esto es lo que enseña la realidad española, aprehendida en los vagares por el mapa: el pueblo español ha desligado su voluntad política de todo lo que no sea su voluntad política, aunque esto parezca unha perogrullada, que no lo es. El pueblo quiere su liberación política, como primer acto de afirmación de su ser. Y ser ¿para qué? (...) Cuando me dicen las gentes de derechas que 'pare ser el pueblo de Dios', yo que digo que no. (En el fondo, para los derechistas españoles actuales, 'ser el pueblo de Dios' quiere decir pagar menores jornales y menos impuestos; que el Estado les pague los curas y que don Abilio Calderón tenga acta; que si ser el "pueblo de Dios" fuese una cosa tan cara y tan peligrosa como lo era en la Edad Media, habría que ver cómo pondrían a Dios)."

<sup>120</sup> Blanco Amor, "El Estatuto y los gallegos de Buenos Aires. Labor subrepticia y claridad de conducta", *Galicia*, n.471, 7.6.1936, p.1. O emisario en cuestión era José Bruzos, quen demorou unha semán en Galicia e mantivo estreitos contactos coa ONRG, ó que parece. Vid. *Noticiero Español*, 31.5.1936.

<sup>121</sup> Vid. "Ante el hecho histórico", *Galicia*, n.476, 12.6.1936, e "En col d-autonomía", *Galicia*, n.477, 19.7.1936.

<sup>122</sup> Vid. "La ONRG y nosotros", *Galicia*, n.477, 19.6.1936, p.1.

produciu a sublevación militar en toda España, que conquire un control rápido sobre Galicia. Unha nova prioridade se impoñía.

### 3.2. O compromiso antifascista: a Guerra Civil (1936-1939).

A Guerra Civil determinou unha dinámica de novo tipo entre as colectividades españolas e galegas de América. A primeira reacción que se produciu entre os sectores republicanos galegos de Buenos Aires perante as novas da ocupación e comezo da represión franquista en Galicia foron de solidariedade e cambio de rumo: o que se imporá será a necesidade de unidade entre todos os sectores republicanos galegos da emigración diante do inimigo común, identificado co fascismo. Esa nova dinámica motivará tamén trocos de importancia no futuro, en canto á organización societaria da colectividade galega, e sobre todo en Buenos Aires.<sup>123</sup> Nun comezo, certos sectores da colectividade española se amosaron favorábeis ós franquistas, ou favorecían pasivamente ó bando insurxente coa súa aparente neutralidade. Caso claro do primeiro foi o do *Correo de Galicia* de Lence, e da maioría das Asociacións de acado español (como a Asociación Patriótica Española) que agrupaban ós membros más prósperos da colectividade; non tanto nos centros rexionais, nos que en moitos casos houbo escisións (p.ex., o Centre Català). O Centro Gallego de Buenos Aires mantívose nunha posición de difícil neutralidade, mais dende 1937 a loita interna dentro do mesmo entre republicanos e franquistas aguzou a rivalidade polo poder da institución. Obviamente, a FSG se colocou dende o primeiro intre a prol da defensa da

República e supeditou calquera outro fin político á consecución da victoria e á unidade de acción antifascista, o que foi salientado mesmo polos observadores estranxeiros.<sup>124</sup> En virtude dessa orientación, refugou calquera outra retesía política denanterior en aras do primeiro e sobranceiro fin, o que lle era incluso recalcado a Blanco Amor tanto por Suárez Picallo como por Castelao dende a España republicana.<sup>125</sup> Ese será precisamente o rumo político e estratéxico que tomará o *Galicia*, eficazmente dirixido de novo por Blanco Amor, quen porá a súa pruma e a súa oratoria totalmente ó servizo da defensa da causa republicana. Unha primeira plasmación dessa política de unidade dos galegos antifascistas foi precisamente o acelerado proceso de reunificación das dúas Federacións de Sociedades Galegas, que celebraron senlllos congresos extraordinarios en outubro de 1936 e o conxunto de reunificación no xaneiro de 1937. A definitiva FSG adoptou un programa político ("Carta Orgánica") de compromiso, no que se fundía un meirande acento esquerdistas cun certo rebaixamento das súas afirmacións nacionalistas.<sup>126</sup> E a partires de entón, desenvolverá unha activa campaña de colaboura coa causa republicana española, participando nos *Comités de Ayuda al Pueblo Español* (CAPE) xunto con outras organización sindicais e políticas da esquerda arxentina, e coadxuvando a mobilizar á opinión pública do país a prol do apoio á República española, contribuíndo deste xeito a fréar as veleidades pro-franquistas dos moi conservadores Gobernos militares arxentinos (sobre todo o do xeneral Justo). A FSG participou no grandeiro Congreso de adhesión á República Española celebrado polos CAPE no agosto de 1937, e nucleaba á súa vez o Comité

<sup>123</sup> Sobre o impacto da Guerra Civil nas diferentes comunidades galegas de América, vid. Cagiao Vila (1990a) para o Uruguai; Naranjo Orovo (1988) para o caso de Cuba, e Delgado et alii (1990) e Quijada (1988) para o caso de Arxentina. Vid. tamén Núñez Seixas (1992a: 296-306).

<sup>124</sup> Vid. *International Solidarity...*(1976), p.35: a Federación de Sociedades Gallegas estaría "exceptionally united in spirit".

<sup>125</sup> Vid. cartas de Suárez Picallo a Blanco Amor, Madrid, 17.8.1936 e Barcelona, 25.12.1936, e de Castelao, s.d. (cara fins de 1936), ABA-BDPO.

<sup>126</sup> Así, pronunciándose por "una España que sea realmente República de Trabajadores, con sus regiones autónomas y en solidaridad con todos los pueblos libres u oprimidos que luchan por conquistas comunes a las nuestras", reconociendo que Galicia poseía unhas "características étnicas -cultura, lengua y costumbres- y una producción adaptada a las mismas, firmemente delineada, que le otorgan el pleno derecho a proclamarse pueblo soberano de esas sus propias cualidades". Nun derradeiro párrafo, condeaba explicitamente toda pretensión a que Galicia se convertese nun Estado independiente. Vid. *Galicia*, 20.12.1936, p.2.

Gallego de Ayuda a la República Española, o cal colaboraba estreitamente con outros organismos de colaboración hispano-árabe.<sup>127</sup> A marxe disto, varios pequenos comités de axuda formados por galegos, españoles e arxentinos se espallaron por todo o país. Como informaba o mesmo Blanco Amor no abril de 1937 á reconstituída secretaría xeral do PG instalada en Barcelona, a maioría deses comités, sobre os que afirmaba exercer unha sorte de mentoría, conquerían coa súa presión empecer que o Goberno Uriburu tivese recoñecido xa a Franco.<sup>128</sup> Aínda que, á postre, as divisións e problemas políticos esistentes entre os diversos organismos de axuda á República, e entre estes e a Embaixada da mesma, non fallaron, conseguiron que o Goberno arxentino non recoñecese ós facciosos deica fins de febreiro de 1939, presionados como estaban por unha opinión pública amplamente favorábel á República española.

A delegación do PG -a ONRG, que a fins de 1936 pasa a se denominar Grupo Galeguista de Bós Aires- ficou nun lugar un tanto secundario dentro desta mobilización, e a penas participou xuntamente coa FSG en actos e comités -ó tempo que promovía outros propios- ata entrado 1937; gracias á mediación presumiblemente de Blanco Amor, gozaron de espacios de propaganda específicos dentro do voceiro federal *Galicia*, co títulu "Informazón Galeguista". As presións da ONRG por liderar a FSG e por conquerir máis audencia no seo da colectividade colocaban nunha situación un tanto difícil a un Blanco Amor que consideraba que o primeiro era, simpremente, gaña-la guerra. O ourensan resistiu ás presións do PG desde Barcelona -que non coincidían coas que lle transmitía privadamente Suárez Picallo- para que contribuise a "conquerir" para a ONRG -xa enfocada, ademais, co ingreso de varios expondaliáns- o control da FSG, no seo da cal a convivencia cos antigos socialistas da rúa Mitre facía ainda máis difícil esa posibilidade.

Pero, por riba de todo, Blanco Amor mantíñase fidel á orientación estritamente republicana e autonomista da FSG, polo menos mentres se non gañase a guerra: despois disto, xa se plantearía unha futura orientación máis rexamente nacionalista da Federación,

*"La Federación no tiene tapujos. Es una institución republicana de izquierdas y crudamente autonomista. Cuando tengamos la autonomía, ya veremos qué nueva dirección se le da. Mientras tanto es eso y nada más"*<sup>129</sup>

A resposta do PG foi en troques conciliadora: incluso, abeirábanse dende Barcelona varios proxectos de expansión propagandística en Arxentina, en colaboura co Comissariat de Propaganda da Generalitat de Catalunya, como adquirir unha páxina do voceiro antifascista porteño *L' Italia del Popolo* que dirixiría Blanco Amor, celebrar un "Congreso Nazonal Galego" en Buenos Aires, e conceder unha xenerosa axuda para o órgano da FSG. Planeábase mesmo unha xeira de propaganda de Castelao, pero se estaba á espera do seu previsibel nomeamento -á postre frustrado, debido á crise do Goberno republicano de Maio/1937- como embaixador na Arxentina.<sup>130</sup> Todos estes grandes planos en principio non foron levados á práctica, e o progresivo empeoramento da situación para os republicanos fixo a comunicación entre Blanco Amor e o PG pouco fluída.

En todo caso, a actividade do escritor ourensan como propagandista e defensor da República española lle valeu un grande prestixio entre a colectividade galega (republicana) de Buenos Aires, malia a súa relación cos sectores máis nacionalistas fose cada vez máis equívoca. Quizabes baixo a influencia de Blanco Amor, o Grupo Galeguista adoptou sen devalo, en marzo de 1938, como primeira prioridade a victoria na guerra, malia especificando "que toda la ayuda de los gallegos a la España Leal se haga bajo el SIGNO GALLEGOS".<sup>131</sup> Blanco Amor

<sup>127</sup> Vid. J. Lorenzo, "Aspectos ignorados de la Ayuda a España en la Argentina", *Nova Galiza*, n.15, 1.2.1938, 7-8.

<sup>128</sup> Informe de Blanco Amor a X.X.Pla e R.Dieste en Barcelona, Buenos Aires, 20.4.1937 (ABA-BDPO).

<sup>129</sup> Ibid.

<sup>130</sup> Carta de X.X.Pla a Blanco Amor, Barcelona, 21.5.1937 (ABA-BDPO). Sobre *L'Italia del Popolo* e as accións de solidariedade dos exiliados e organizacións antifascistas da colonia italiana cara a República española, vid. P.R.Fanesi (1989: 341-342).

seguía a desempeñar un sobranceiro rol: o de mediador entre os novos líderes da FSG e os galeguistas, e en virtude diso, durante 1938 tiveron lugar varios actos conxuntos entre a FSG e o Grupo Galeguista, amén de ter este abertas as portas do voceiro da Federación.<sup>132</sup>

Blanco Amor estará absorbido, de tódolos xeitos, polo seu traballo como secretario da Embaixada española, despoxo vice-cónsul da República en Buenos Aires, e máis tarde como cónsul da República en La Plata.<sup>133</sup> Tamén desenvolveu Blanco Amor unha incansábel actividade a prol da agrupación pro-republicana para o Centro Gallego (a Unión Gallega, fusión da agrupación "Celta", parte da "Galicia", "A Terra" e a Agrupación Galeguista pro-Centro Gallego), que apresentou como candidato ó lalinés Xosé Neira Vidal, e integrando entre os seus candidatos a Cao Turnes e Rodolfo Prada.<sup>134</sup> De feito, o labor de conquista dos Centros rexionais de Buenos Aires para a causa republicana fora empurrado polo novo embaixador da República en Buenos Aires desde meados de 1938 (Angel Ossorio y Gallardo). Blanco Amor non figurou na lista, pero puxo tamén *Galicia* ó servizo da candidatura, que trunfou esmagadoramente nas eleccións á Xunta Executiva do Centro Gallego celebradas o 23 de Outubro de 1938.<sup>135</sup> O pouco tempo, por iniciativa de Ossorio y Gallardo, e pesie as protestas da FSG e de varias outras sociedades galegas,

que vián en Blanco Amor un líder preciso naquellos intres, foi nomeado cónsul da República en Mendoza.

Iso alonxóuno de Buenos Aires deixa a final da contenda, precisamente nuns intres nos que o mapa societario galego comezaba a redebuxarse face á inmediata post-guerra, en parte baixo a influencia dos primeiros exiliados galeguistas -como Núñez Búa. De feito, o anejo de protagonismo do republicanismo galego por parte da delegación porteña do PG continuaba, agora mesmo con novos pulos.<sup>136</sup> E adicionais actores ían entrando na escea política da colectividade galega de Buenos Aires: quér exiliados, quér novos nomes dentro da mema, coma Manuel Puente (presidente da Cámara de Comercio Republicana de Buenos Aires, formada como contrarresto á orientación pro-franquista da Cámara de Comercio española existente). Dende fins de 1938, a victoria das tropas de Franco semellaba ser xa inminente, co que a FSG, en conexión co Goberno republicano, estableceu unha Central Gallega de Ayuda a los Refugiados, co obxectivo de xestionar visados e permisos de residencia para galegos exiliados en Sulamérica: así, p.ex., conseguiu que o Goberno chileno autorizase a entrada de varios grupos de exiliados galegos, moitos deles procedentes do Santo Domingo do dictador Trujillo (onde ficaría algún tempo Suárez Picallo,

<sup>131</sup> Vid. "Manifiesto Galeguista. a todos los gallegos que habitan en la Repub. Argentina", *Galicia*, 6.3.1938, asinado polo Grupo Galeguista.

<sup>132</sup> P.ex., unha xeira de conferencias conxuntas. Vid. *Galicia*, n.573, 5.6.1938, sobre unha delas, a cargo do Doutor Blasco Garzón, cónsul da República, celebrada no local da Casa de Galicia, sé do Grupo Galeguista, con participación do embaixador republicano (Jiménez de Asúa), o presidente da ONRG, M.C.Alvarez, o secretario xeral da FSG, Alonso, o presidente da Casa de Galicia (Casto Insúa) e un delegado de Acción Nacionalista Vasca de Buenos Aires.

<sup>133</sup> Unha das súas actividades más prolíficas foi a de organizar e xestionar a comunicación cos refuxiados galegos en zona republicana primeiro e no Sul de Francia despoxo. Vid. Blanco Amor, "Nuestros refugiados gallegos", *Galicia*, 12.8.1939.

<sup>134</sup> Vid. *Galicia*, 9.10.1938, e Cupeiro Vázquez (1989:62-63). Neira Vidal, lalinés, fora secretario da Agrupación Artística Gallega, empregado de Correos que realizou estudos universitarios, e mesmo promoveu a actividade sindical dos empregados de Correos no 1918. Máis tarde foi directivo da Casa de Galicia e do Hogar Gallego, asimade presidente da Asociación Hijos del Partido de Lalín.

<sup>135</sup> As relacións de Blanco Amor coa Unión Gallega foron, nem bargantes, bastante equívocas. Xa ó ano seguinte, 1939, reviroulle o seu apoio á mesma, e pasará a defender individualmente á Agrupación Celta. Vid. un ataque a tal posicionamento, en Avelino Díaz, "Para el socio n.118.643 del Centro Gallego, don Eduardo Blanco Amor", *Galicia*, 28.10.1939.

<sup>136</sup> Especialmente, crearon un grande malestar os chamamentos do Grupo Galeguista para que a axuda á República procedente da colectividade galega se canalizase soamente ó traveso del, para evitar que a axuda galega ficase confundida no conxunto da axuda española. Vid. "Confusionismo en col d'Axuda a España", *Galicia*, 21.1.1939.



7.- Blanco Amor en Buenos Aires (1940), con Antón Alonso Ríos, un dos fundadores da Federación de Sociedades Galegas, deputado no exilio e membro do Consello de Galiza.

denantes de marchar el mesmo a Chile), ou dos campos de refuxiados do Sul de Francia.

A derrota da República afectou sen dúbida en moito ó entusiasmo de intervención política de Blanco Amor, quen se afastará momentaneamente do primeiro plano a comezos dos anos 40, aínda que non por moito tempo. O definitivo desencanto virá só cando o réxime franquista demostre a súa capacidade de supervivencia á victoria aliada na II Guerra Mundial.

### **3.3. Blanco Amor durante a posguerra (1940-1950). Do compromiso republicano á torre de almasí.**

Blanco Amor non voltará tomar un papel tan protagonista no seo da colectividade galega bonaerense coma o que tivera durante o conflicto de España, se ben nun comezo seguiuse prodigando na súa tarefa de axitador

político: a loita continuaba, e polo tanto non era posibel se desentender do que ocorrera en tres anos de guerra. Daí que afirme categoricamente no 1940 que non era factibel a cacareada "reconciliación" pregoada polos franquistas.<sup>137</sup> En parte, estará presente o seu fondo desencanto persoal, e en parte tamén a súa inicial falla de adecuación ás novas circunstancias políticas do exilio republicano, galego e español, no Río de la Plata. Isto lle fará desentenderse un tanto da política e do xornalismo no seo da FSG, consonte esta foi caendo dende 1940 en máns dunha dirección, á cuxa frente se atoparían exilados de esquerda como Arturo Cuadrado e mesmo Luis Seoane, que fortecería en parte a verquente más socialista e antigaleguista presente na Federación, do que era exemplo tamén o xiro pro-PC que dará un vedraño dirixente da mesma, Cubeiro.<sup>138</sup> Iso deixáballe pouco espacio a un esquerdista non

<sup>137</sup> Vid. Blanco Amor, "Sobre el cuento de la reconciliación", *España Republicana*, 31.8.1940; ou "Donde quede un resto de libertad", *Galicia*, 1.6.1940.

<sup>138</sup> Aínda que un tanto cangados de histerismo, son expresivos os repetidos chamamentos de Suárez Picallo a Blanco Amor dende Santo Domingo e Chile no 1939-40 para que o ourensán deixase de colaborar cos "comunistas": "notó cierta flojera en combatir a Rusia y a 'su' comunismo. Considero que es necesario romper con esa gente. ¡Nos hicieron mucho daño! Para el futuro, nuestro perfil acentuado de republicanos y demócratas, sin contaminación con ellos, será de gran utilidad" (carta de Suárez Picallo a Blanco Amor, Ciudad

dogmático e más por sentimento que por elaboura, como era el -que nunca se definira como marxista, p.ex. Durante 1939 e 1940, de tódolos xeitos, áinda se seguirán a erguer voces tanto na FSG coma no *Galicia*, cada vez máis febles, que recordaban os tons do galeguismo progresista de 1936. Pero non foron as que predominaron.<sup>139</sup> Un Alonso Ríos algo desnortado despois da súa peripécia por terras galegas e portuguesas para salva-la vida, publicaba ós tres meses da súa chegada a Buenos Aires un chamamento a que os galegos de América se concentrassen no labor cultural, meramente, no futuro...<sup>140</sup> A pesares de que dende o *Galicia* se fixeron, en vésperas do Congreso Ordinario da Federación de 1940, algúns chamamentos velados a que os cadros intelectuais da colectividade se volvesen sumar á Federación, no canto de facer "política de café", o certo foi que os independentes, coma Blanco Amor, se mantiveron por un tempo un tanto á marxe,<sup>141</sup> áinda que seguiu colaborando un tanto esporadicamente en *Galicia*. Ademais, no seo da Federación producironse unha serie de desavinzas internas neses anos (Allegue 1993:196). De xeito que Blanco Amor arrédase un tanto, e se adica máis ben a labores culturais, ademais de colaborar con Seoane e Arturo Cuadrado precisamente nese eido da cultura, na promoción da editorial Emecé.<sup>142</sup> Xa non ocupará cáregos de

responsabilidade política na FSG ata 1943, cando voltará a dirixir o *Galicia*.

Doutra banda, a disconformidade coa política seguida polos sectores más galeguistas da colectividade -basicamente, os procedentes do Grupo Galeguista-, enfortecidos cos aportes dos exilados e, en primeiro lugar, pola chegada de Castelao a Buenos Aires no 1940,<sup>143</sup> foi en aumento en canto ficou en evidencia cállá ser a estratexia daqueles. Xa que a FSG semellaba perdida en máns das esquerdas, ou cando menos bastante refractaria ás influencias nacionalistas -a pesares de axir dentro dela, áinda por algún tempo, Alonso Ríos-, o Grupo Galeguista, de acordo con Castelao, promoveu a creación de Centros Provinciais alternativos á Federación, que agruparon a varias sociedades comarcais membros ata entón da FSG e algunas asociacións culturais e folclóricas de antigo influxo galeguista. O primeiro e más importante Centro Provincial de influencia dos galeguistas foi o Centro Orensano, formado en 1941 a partires de varias sociedades fusionadas no *Comité Orensano Leal de Ayuda a la República*.<sup>144</sup> Despois de fracasa-lo pauto de fusión entre a Casa de Galicia e o Grupo Galeguista e a Agrupación Ultreya, os nacionalistas estableceron a súa secretaría no Centro Orensano, e no decembro de 1941 constituiuse formalmente a *Irmandade Galega*, sorte de trasunto do PG

Trujillo, 19.10.1939, ABA-BDPO). O refugo do sadense estaba motivado polas desavinzas entre comunistas e galeguistas nos últimos tempos da Guerra e no servizo de evacuación de refuxiados desde Francia, ó que se uniu a diverxencia cos sectores comunistas que controlaban o Frente Popular Antifascista Gallego e as Sociedades Hispanas confederadas dos EE.UU. durante 1939, en especial pola clara utilización que aqueles (Xosé Castro, Mosteiro, Luis Soto) fixeron de Castelao. Vid. carta de id. a id., s.d. [1942], ABA-BDPO. Cabeiro, en concreto, semella ter devidio neste tempo un home do PC doutrinario e inflexible, que incluso acusaba a Suárez Picallo de venderse ó fascismo, pola circunstancia actitude antinegrinista do deputado galeguista (vid. carta de 27.2.1940, Ciudad Trujillo, ABA-BDPO).

<sup>139</sup> P.ex., as voces de membros da Executiva de tendencia galeguista, como R. Souto (vid. "A Os Mozos Galegos", *Galicia*, 6.1.1940) ou Antón Castro ("Un Galego Inferior", *Galicia*, 2.3.1940; "O Partido Maioritario Galego", *Galicia*, 3.2.1940).

<sup>140</sup> A. Alonso Ríos, "Una Nueva Etapa. Labor Cultural", *Galicia*, 23.9.1939. Sobre a súa vida como fuxido, vid. naturalmente o seu relato autobiográfico *O Siñor Afranio. Ou cómo me rispe das gadoupas da morte*, Vigo: Castrellos, 1978.

<sup>141</sup> "Nuevos rumbos federales", *Galicia*, 20.1.1940.

<sup>142</sup> Vid. Allegue (1993:199); e Rodino Lalín (1989) para unha visión -malia caótica- do contexto xeral.

<sup>143</sup> Sobre o galeguismo da postguerra en América non contamos ainda con estudos globais. Vid. soamente algunhas referencias en Abraira (1989) e Cupeiro (1989), sempre dende unha perspectiva idealista. Asemade, un primeiro achegamento en Núñez Seixas (1990b).

<sup>144</sup> Este fusionará a varias sociedades comarcais, en xeral favorábeis ó galeguismo: a Unión Provincial Orensana, o Centro Nogueira de Ramuín, a Sociedad Cultural Nogueira de Ramuín, a Sociedad Hijos de Esgos, e máis tarde a Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Pereiro de Aguiar e do Ayuntamiento de La Peroja. Vid. Vilanova Rodríguez (1966: 1388-1390).

alén mar.<sup>145</sup> Máis tarde, xa cun grao de influencia galeguista moi variábel, seguiron outros Centros provinciais creados durante os primeiros anos 40 (o Coruñés, o Pontevedrés e o Lucense).

Blanco Amor dixeriu moi mal a creación desses Centros provinciais, que el consideraba como un erro político e sobre todo como unha traizón ó ideal de coordinación de esforzos de sociedades modestas que fora a Federación.<sup>146</sup> Porén, áinda seguirá mantendo algúmha relación co Centro Orensano, do que foi nun comezo socio honorario.<sup>147</sup> Igoalmente, durante os primeiros anos 40, non deixou Blanco Amor de presta-la súa colabora en actos conxuntos cos galeguistas,<sup>148</sup> e incluso colaborou xornalisticamente no voceiro nacionalista, agora publicado en Buenos Aires desde 1942, *A Nosa Terra*.<sup>149</sup>

O seu certo afastamento político do grupo da Irmandade Galega -na que non se lle ocorreu en ningún intre militar- e dos dirixentes desta, comezando por Castelao -se ben non no plano persoal-, complementábase co seu refugo dunha estratexia de, ó seu xuízo, división do republicanismo galego na colectividade emigrada: daí que, durante un tempo cando menos, se achegue ó Centro Republicano Español, tamén fortificado con exiliados, e no que se atoparía a fin de contas o caudal político máis próximo a Izquierda Republicana.<sup>150</sup> En definitiva, para Blanco Amor, áinda que a súa pruma xa non estaba tan ergueita, era preciso continuar coa táctica de unidade antifascista promovida durante a Guerra Civil. Como ben expresaba en novembro do 1942 no órgao do PC galego na Arxentina, *A Fouce* (continuador da arredista

<sup>145</sup> Vid. ANT, n.425, 28.6.1942, p.2. O Consello Directivo da Irmandade amosaba unha mestura de ex-pondaliáns, exiliados e provínties da ONRG, amais dalgúns nomes novos. Alonso Ríos (prdte.), Ramón Rey Baltar (vice-prdte.), Xosé B. Abraira (secr.), Daniel Nogueira (vice-secr.), A. Fernández Prol (Tesoureiro), Eduardo López (Pro-Tesour.), Vicente Barros, P. Campos Couceiro e Xohán González (vogais).

<sup>146</sup> Anos despois, Blanco Amor lembraría que "Cando todos tiñamos a idea de que a división de Galicia en provincias era un disparate [a Castelao] ocurriuselle facer os grandes centros provinciais da emigración que absorbesen aquelas pequenas sociedades federadas. Pensaba de boa fé que daquel xeito a solidariedade e a forza sería maior. Co que non contaba era co que en realidade pasou: que os grandes centros mataron a laboura das sociedades pequenas e axiña foron controlados polos xerarcas do diñeiro, pola grande burguesía emigrante, polos ananos", se ben recoñecía que "Somentes o Centro ourensán mantivo unha liña de unidade" (Freixanes 1976:96).

<sup>147</sup> Castelao era presidente da Comisión de Cultura do Centro Orensano, e áinda convidou a Blanco Amor no 1942 para que interviese como orador nos actos en commemoración do prebiscito autonómico, e no agosto tamén participou na homaxe dispensada no mesmo centro a Alexandre Bóveda (Allegue 1993: 201).

<sup>148</sup> P.ex., no xaneiro de 1940, no "Acto de Exaltación Galleguista" da Casa de Galicia. Vid. *Galicia*, 20.1.1940. A Casa de Galicia caería de alí ó pouco baixo unha dirección pro-franquista, porén.

<sup>149</sup> Vid. Blanco Amor, "N'esta data", ANT, n.425, 28.6.1942, no que teimará no seu federalismo republicano, cangado ainda de tons nacionalistas: "A República española, será federal en col da base das súas nacionalidades autónomas. D'iste feito inexorable, para o más inmediato futuro de España, hai que convencer, en primeiro lugar, aos propios republicanos; posto que eles foron os causantes de que non-o fose cando debeu serlo, co-as consecuencias que temos á vista. E agora os pobos ibéricos serán autónomos, non por pidinchas aldraxantes d'uns e mercedes cesáreas d'outros, senón pol-a propia inercia do devir histórico". No agosto, publicará dous retallos en galego da obra "La Catedral y el Niño", co títu "Prosas europeias", ANT, n.427, 15.8.1942.

<sup>150</sup> Ese achegamento, ademais das fugaces colaboracións en *España republicana*, pódese colexir das afirmacións de Suárez Picallo nunha carta de novembro de 1940: "Me explico perfectamente tu postura con referencia a los galleguistas de ahí.[...] De todos modos, el galleguismo como doctrina y como movimiento de futuro no tiene la culpa y para el porvenir de nuestra tierra puede ser una esperanza a condición de que se universalice y pierda ese carácter de capilla aldeana [...]. En cuanto a lo de Castelao, veo con pesar que repite matemáticamente lo de Nueva York. Eso de encerrarse en el "círculo de familias" no es voluntad suya.[...] Lo que no me parece tan acertado es que tú busques salida a tu estado de ánimo en el círculo de los viejos republicanos de ahí. También por ese lado conozco el paño, y no creo que las 'aportaciones' que llegaron después de la guerra hayan modificado mucho la vieja mentalidad de Venegas y Cía". E, a maiores, traslócese que Blanco Amor non estaba en absoluto de acordo coa orientación do voceiro da FSG por entón: "En efecto, "Galicia" es una cosa pobre y 'podre'. Da pena, Y da más pena pensar que podría ser una cosa primorosa. Seoane y Cuadrado -yo los había oido- le han hecho al periódico una mala partida. En cuanto a Cubeiro su director, sigue emperrado en hacer 'doctrina marxista' en unos artículos insufríbles" (carta de Suárez Picallo a Blanco Amor, Santiago de Chile, 12.11.1940, ABA-BDP).

da II<sup>a</sup> República), áinda que recoñecese as dificultades que os republicanos españoles plantearon, polo xeral, face o recoñecemento dos dereitos das diferentes nacionalidades hispánicas, unha táctica illacionista habería levar a unha calella sen saída para o galeguismo: "O erro fundamental dos galeguistas consiste en dar como feita a liberación de España e plantear a teoría das súas reivindicacións axustadas ao perfil d'ista ilusión", ademais dunha subordinación cásica cega ás directrices políticas seguidas polos nacionalistas bascos e cataláns. Blanco Amor reafirmábase no seu compromiso unitario, ó tempo que seguía a ofrecerse como posíbel interlocutor entre os nacionalistas galegos e os republicanos de ámeto español:

*O problema platease [sic], pois, nun terreno de utilidade política moito máis que nun plano de predomínantes razões políticas [...] ]*

*Os que sostemos a utilidade política da unidade inmediata de todolos españoles, partimos do suposto que non é posible ir ó reconquerimento previo d'Espanha sin antes xunguirmos nun feixe de vontades unánimes, definidas perante a negatividade totalitaria. Partindo do suposto [sic] que todos somos antifranquistas, e antitotalitarios polo tanto, parece que no [sic] tería d'haber discusión pra iste preambulo d'unidade prefacial [...].*

*Faría o posible e máis o imposible para atopar unha axeitada síntesis que fixese posible a entrada dos galeguistas na unidade porque o feito demostrado é que a maior parte dos galegos xa o estamos. E o feito de que estemos, ven a illar unha vegada máis aos galeguistas de Buenos Aires, nun posto de aristarquia caprichosa, e d'insensibilidade cibdadana, que lle pode facer tanto mal como llo ten feito moitas outras veces, e que, concretamente, ténlle impedido ser o gran partido popular galego ó que, por seu ideario, ten perfectísimo direito"*<sup>151</sup>

Estas grandes andanadas só lle causarían retesías coa Irmandade Galega no sucesivo; mais, en parte, a súa posición tiña moitos puntos de contacto coa súa estratexia "posibilista" doutrora, e as súas críticas, no substancial, eran moi semellantes ás formuladas contra do PG nove anos denantes. Pero estaba lonxe da táctica que

Alonso Ríos pregoaba acesamente polas mesmas datas, segundo a cal o republicanismo galego había pensar unicamente en conqueri-la liberdade de Galicia, e só en segundo plano nos problemas do resto de España.<sup>152</sup>

En parte en función das posicóns estratéxicas, e despois de que se produisen algúns cambios na cúpula da FSG e sobre todo unha estabilización na situación interna da mesma, Blanco Amor ocupou de novo a dirección do voceiro *Galicia* no xaneiro de 1943, nunha Comisión de Prensa na que dos "vedraños" só ficaba Avelino Díaz. Como inauguración dessa nova xeira da súa actividade xornalística, Blanco Amor defendía a lexitimidade do proxecto republicano e galeguista pregoado pola FSG desde había anos, e envenenadamente arremetía contra dos exilados recén chegados cuxo "resplandor heroico, su patente sacrificio, hizo de nosotros sujetos de segundo plano"; soamente louvaba entre os exilados a García Gerpe, Seoane e Arturo Cuadrado, porque "se han acercado a las masas emigradas para pedir un puesto de atención y de cordialidad en sus filas".<sup>153</sup> Blanco Amor recoñecía así unha das súas posicóns más inamovíbeis do intre: o liderado político, e as liñas de actuación da colectividade galega republicana emigrada, habían ser dictadas polos propios emigrados, é dicir, polas súas élites internas, quen terían sobre todo concepcións diferentes da solución a aplicar na España do *dopoFranco* (unidade de actuación contra do fascismo, e despois deixar que o pobo español elixise a súa forma de Goberno democraticamente); polo tanto, a estratexia política non debería ser domeada polas concepcións e retesías partidistas que levaban con eles os exilados. Daí que Blanco Amor reaxa duramente perante as manobras dos nacionalistas, encabezadas por Alonso Ríos, que tentaban -coma el mesmo nos anos 20- facerse co control da FSG para que esta se sumase á órbita de influencia da Irmandade Galega, afirmando pola contra, quizabes utopicamente, que a FSG seguiría concentrada en facer "política de emigrados", oposta á dos exilados, e concibida porriba de fraccións ou partidos, afirmada

<sup>151</sup> Blanco Amor, "Os galegos no movemento d'unidade", *A Fouce*, novembro de 1942.

<sup>152</sup> A.Alonso Ríos, "Ren de partidos hespánoes. Os patriotas galegos debemos pensar en Galiza", ANT, n.426, 25.7.1942.

<sup>153</sup> Blanco Amor, "La Sexta Guardia", *Galicia*, 30.1.1943.

como unha "entidad democrática, republicana y autonomista" fronte as acusacións de ser correa de transmisión dos comunistas, como lles acusara Alonso Ríos.<sup>154</sup> Pero en función dessa estratexia de unidade, Blanco Amor intervén nos actos unitarios pro-República que organizan os galeguistas ou outros grupos políticos exiliados (p.ex., o mitin grandeiro no Estadio Centenario de Montevideo no marzo de 1943), e así mesmo promoveu a participación da FSG, en colabora coa Unión Democrática Española (UDE), no "Congreso Democrático Hispánico" proxectado para celebrarse no marzo de 1943 en Buenos Aires.<sup>155</sup>

Xa que logo, Blanco Amor seguía a estar ancorado nas posicións da Guerra Civil e mesmo anteriores, e parece ser que mantiña unha grande simpatía por Izquierda Republicana;<sup>156</sup> ó que se unía un cada vez meirande afastamento político do nacionalismo militante. Afastamento que se vai acentuar diante do, de certo, cada vez maior protagonismo que na política do exilio español vai tomado Castelao, quen publica *Sempre en Galiza* no 1944, e no outubro dese ano fundase a nova organización política creada baixo a súa presidencia para defrontar o que se supoñía sería o intre transicional cara a restauración da República en España: o Consello de Galiza, formado polos deputados galeguistas eleitos en 1936 (Castelao, Suárez Picallo, Alonso Ríos), más os de Izquierda Republicana Elpidio Villaverde e Alfredo Somoza. Blanco Amor semella nun comezo non tomar posicións, malia ó pouco tempo si que se definirá politicamente diante do novo orgaismo: fronte á arela de representación única dos emigrantes e da política galega que presidía a

actuación do Consello de Galiza, Blanco Amor seguía defendendo, quizais de xeito só idealista, unha posición de republicanismo e autonomismo independente para a FSG.<sup>157</sup> Ese mantemento dunha independencia de criterio da FSG e dunha "política dos emigrantes" non domeada polos exiliados, valéulle obviamente ataques por parte sobre todo do voceiro oficioso dos galeguistas (*El Orensano*, periódico do Centro Orensano).<sup>158</sup> Blanco Amor irá aguzando cada vez máis a súa pruma contra dessa pretensión controladora do galeguismo, e mesmo demitiu do cárrego de director de *Galicia* para forzar á FSG a se solidarizar explicitamente con el. A nova Xunta Executiva da Federación, elixida no maio de 1945, e presidida por A.Alonso Pérez, non era de tódolos xeitos refractaria ó nacionalismo e á Irmandade Galega,<sup>159</sup> pero ainda así a FSG pechou filas arredor do escritor ourensán, o que converteu a Blanco Amor ós ollos dos nacionalistas no cásese-responsábel da "perda" da FSG, xa definitiva, para o seu eido directo de influencia. Blanco Amor felicitábase pola derrota do "galeguismo infiltrante e intrigante, que en vez de ganar la opinión en la calle, pretende colarse en las entidades y copar desde adentro sus efectivos".<sup>160</sup> Uns meses máis tarde, declaraba explicitamente o seu rexacemento da autoridade irrogada polo Consello de Galiza, en canto a FSG vía neste a sóa representación e autoridade do PG -quizabes ignorando que outros partidos republicanos sinxelamente se negaran a formar parte del-, e interpretando o Consello como a usurpación por parte dun

<sup>154</sup> Blanco Amor, "En defensa de la Federación", *Galicia*, 3.4.1943.

<sup>155</sup> Blanco Amor, "Sobre el Congreso Democrático Hispánico", *Galicia*, 6.2.1943.

<sup>156</sup> Así, nunha carta dun amigo arxentino de Blanco Amor, do que non sabemo-lo nome, pero que foi difundida por este nos xornais galegos e españoles do exilio (xa que a carta relatava as impresións dese seu amigo tras unha viaxe a España), faciase referencia ás "convicciones partidistas de I. Republicana" do escritor ourensán. Vid. o dossier "Una carta sobre España a Eduardo Blanco Amor", s.d., no arquivo Luis Soto (Ourense). Agradezo a Elixio Villaverde terme facilitado unha copia deste documento.

<sup>157</sup> Vid. Blanco Amor, "Nosotros los Emigrantes", *Galicia*, 28.4.1945. Agora distará o ourensán entre política dos "emigrantes" e política dos "emigrados" (é dicir, exiliados), sendo a crave da primeira "primariamente, un sentimento, indiscriminable del sentimento patrio, que luego elaboramos ideológicamente plegándolo a la realidad (...) de la función política ejercida por los partidos, pero sin llegar nunca a concretar ideologías de partido".

<sup>158</sup> Xa que logo, Blanco Amor deuse de baixa do dito Centro. Vid. *Galicia*, 27.10.1945, e Allegue (1993:208).

<sup>159</sup> Vid. ANT, n.438, maio 1945, p.6. A.Alonso Pérez mesmo colaborara nalgúnha ocasión no voceiro nacionalista: vid. o seu artigo "A Emoción Espertada por Galeuza", ANT, n.437, abril 1945, p.3.

<sup>160</sup> Blanco Amor, "Unidos como nunca", *Galicia*, 27.10.1945.

único partido da representación de todos os gallegos:

*'Cuando el P.G. renuncie a sus trifulas coloniales y cuando la Junta de Galicia [sic] esté integrada por todos los partidos gallegos, o por todos los partidos donde haya gallegos que se reconozcan como tales en ocasional fracción impuesta por los trabajos en el exilio; cuando la Junta de Galicia desautorice los trabajos divisionistas del galleguismo (...) y conciba a la colectividad de los gallegos de Buenos Aires, como un todo consciente, orgánico, respetable y válidamente consultivo, entonces nosotros respetaremos a la Junta de Galicia.'*<sup>161</sup>

En todo caso, a presencia de Alonso Pérez á fronte da FSG supuxo un periodo de boas relacións institucionais da mesma co Consello de Galiza.<sup>162</sup> En razón diso, a postura, un tanto autónoma e persoal, de Blanco Amor contribuiría tamén a situalo nunha posición difícil perante a mesma Federación.

E aquelas "manobras divisionistas" dos exilados se non reducían ós galeguistas. Moi pola contra, tamén dende o ámeto global da colectivididade republicana española Blanco Amor sufrirá embates pola súa posición política. Nos primeiros meses de 1946, levado sobre todo polo desencanto perante a inibición das potencias vencedoras na II Guerra Mundial no que facía ó *'problema español'*, -após uns primeiros intres de euforia diante da victoria aliada (Allegue 1993:206)- Blanco Amor cargaría os tons nas súas críticas ás democracias liberais occidentais, sobre todo a Grande Bretaña e Churchill,<sup>163</sup> e amosará unha certa

predisposición a apoiar ós comunistas -moi mal vistos polo resto do exilio republicano español-, más por seguemento da súa tradicional política de unidade republicana antifascista e pola comprobación do feito de que soamente a URSS presionaba internacionalmente por unha caída de Franco, que por simpatía ideolóxica explícita cara o comunismo.<sup>164</sup> Mais en ningún intre asumiría Blanco Amor postulados explicitamente comunistas, como veremos: malia iso lle non ceibou de se enemistar tamén con outros sectores do republicanismo español exiliado, concretamente co Centro Republicano Español, vedraña institución contra da que prodigou críticas por "divisionista" moi semellantes ás que profería o Consello de Galiza, o que lle valerá ser expulsado dela a meados de 1946.<sup>165</sup> E ó pouco tempo, a súa inimiga fronte ás manobras da fracción socialista de Indalecio Prieto, que tentaban desequilibrar ó recién nado Goberno de concentración republicana presidido por Giral, co fin derradeiro de alentar unha solución monárquica pactada coa oposición interior do réxime de Franco, lle levará tamén a se confrontar con boa parte do socialismo español -e nisto coincidía, polo menos, cos galeguistas.<sup>166</sup> Xa que logo, Blanco Amor conseguiu en pouco tempo se enemistar con significativos sectores políticos da colectivididade e do exilio galego e español, pola súa -irreal?- defensa dunha solución de unidade. Solución que lle leva a felicitarse pola formación dun Goberno de concentración republicana presidido por José Giral, despois do penoso espectáculo que ós seus ollos ofreceron as Cortes republicanas reunidas en México no verán

<sup>161</sup> Blanco Amor, "La Federación y el galleguismo divisionista. Ideas y no coces", *Galicia*, 29.12.1945. Vid. tamén o retrato da Irmandade Galega, asinado por X.R.Seijo e Daniel Calzado, en "Unha Declaración da Irmandade Galega", ANT, n.443, Nadal 1945, p.7.

<sup>162</sup> Vid. p.ex. a reseña do banquete celebrado con gallo do cabodano da FSG, e no que colaborou activamente e en posición salientada o Consello de Galiza, in ANT, n.452, outubro 1946, p.7. Nel, mesmo interveu Blanco Amor.

<sup>163</sup> Vid. p.ex. Blanco Amor, "Inglaterra es nuestra enemiga declarada", *Galicia*, 22.6.1946; "Hipocresía inglesa", *Galicia*, 3.8.1946; "Franco y el cobrador", *Galicia*, 5.1.1946.

<sup>164</sup> Vid. Blanco Amor, "La República y el comunismo", *Galicia*, 12.1.1946.

<sup>165</sup> Vid. Blanco Amor, "Un Gran Movimiento de Unidad", *Galicia*, 20.4.1946; Allegue (1993:209). No banquete-homaxe que no marzo dese ano lle ofreceu a colectivididade española, serán significativas as ausencias entre as adesións recibidas (Castelao, Centro Gallego, Centro Republicano Español...), como ben subliña Allegue, malia algún autor teñá visto nese banquete unha manifestación dun utópico encosto unitario dos republicanos españoles a Blanco Amor (Pérez Rodríguez 1993a:84). Suárez Picallo, en carta privada en agosto, confesáballe tamén ó ourensán unha desaprobación certa da liña política dos seus artigos: "...debo confessarte que tus planteamientos dramáticos, ásperos y ácidos de 'nuestro problema político' me descomponen y ponen de mal humor" (carta de Suárez Picallo a Blanco Amor, Santiago de Chile, 24.8.1946, ABA-BDPO).

<sup>166</sup> Vid. Blanco Amor, "Política Nacional. Una maniobra en marcha", *Galicia*, 31.8.1946.



8.- Blanco Amor en Buenos Aires, no "Día de Galicia" de 1942.

de 1945, e que precisamente deran lugar á formación do Goberno de maioría parlamentaria de Giral.<sup>167</sup> En virtude do devandito, é quen tamén de expresar espranza polo nomeamento de Castelao como ministro do Goberno Giral, apóis árdegas negociacións por parte dos galeguistas do exilio e interior co apoio do PNV e dos nacionalistas cataláns, no maio de 1946.<sup>168</sup> E iso a pesares de que o Blanco Amor axitador empeza a amosarse cada vez máis desalentado e falto de folgos verbo das expectativas posíbeis para que Franco fose derrubado, e sobre a posibilidade, así mesmo, de arribar a unha superación das regueifas e retesías internas entre as forzas antifranquistas.

Blanco Amor, nesta etapa derradeira da súa actividade xornalístico-política, non vai revisar en moito as concepcións político-ideolóxicas básicas mantidas durante a II República. Dunha banda, a compoñente nacionalista ficará moi escurecida nel, en parte por considerar que as urxencias do intre facían máis precisa a concentración de obxectivos en reinstaura-la República, e xa que logo a temática nacionalista estritamente desparece na súa publicística, malia aínda no 1951 seguiría a recuncar implictamente no conceito básico de Nación galega

herdado de Risco.<sup>169</sup> Os acentos sociais e populistas do seu discurso e proxecto político cobran a primacía, aínda que xamais dará o salto cara un socialismo de raigame marxista minimamente artellado: pola contra, identificará este, en termos literarios e inconcretos, como "un socialismo de masas, de obreros y de campesinos tal vez de clase media avisada y dimitente; un socialismo irruptivo, desprejudicado, suelto de ademanes y liberado de compromisos", que se supoña habería substituir ó socialismo "colaborador de los núcleos liberales 'avançados'", é dicir, á socialdemocracia, que erroneamente cría Blanco Amor no 1945 que non ía marca-la pauta da esquerda europea no vindeiro. Naturalmente, o ourensán posicionábase así contra da posición prieta, e en virtude da importancia concedida ás cuestións sociais, opinaba que nunha futura III<sup>a</sup> República, unha vez resoltas as cuestións rexionais, mediante a consolidación de Estatutos de Autonomía, a loita política no seo das nacionalidades autónomas

*"estará condicionada por los mismos aspectos sociales que ofrece en el resto del mundo. A la época romántica de la lucha estatutaria, seguirá una época políticamente*

<sup>167</sup> Vid. Blanco Amor, "Al borde de la traición", *Galicia*, 4.8.1945; "Un Gobierno Nacional", *Galicia*, 24.11.1945. Sobre a formación do Goberno Giral, vid. Díaz Esculies (1991:102-105).

<sup>168</sup> Vid. Blanco Amor, "Castelao en el Gobierno", *Galicia*, 30.3.1946; sobre a designación de Castelao, vid. unha descripción do proceso en Estévez (1992:68-69).

<sup>169</sup> Vid. senón o seu artigo "Galicia, raza e paisaxe", *Lar*, n.213, 23.7.1951.

*social de crudo realismo, a la que tendrán que ajustar su compás los partidos regionales basados hasta el presente en factores meramente sentimentales.*<sup>170</sup>

Pero aí ficaba toda pretensión de ver en Blanco Amor un socialista en senso estricto: cando recorde a festa do 1º de Maio de 1946, farao sobre todo invocando para o proletariado español que loitara contra do Franquismo "nuestro fraternal pedido de solidaridad; de esa solidaridad del hombre para el hombre por la que tanto ha luchado el trabajador español (...) A la internacional de los escamoteadores de la paz, habría que oponer la internacional de los defensores de la sangre derramada por la libertad del hombre".<sup>171</sup> E ninguén mellor que o propio Blanco Amor para nos detallar o programa reformista, laico e descentralizado que abeiraba para unha República reinstaurada:

*"Los republicanos gallegos de la Argentina éramos, dentro del complejo de la política española, gente de izquierda, sencillamente. Este sencillamente quiere decir: en materia confesional, inclinados a las soluciones laicas; libertad de culto, escuela libre, legislación sobre órdenes religiosas, etc. En materia social, partidarios decididos de nuevas formas jurídicas que fuesen capaces de facilitar al pueblo español para un más justo disfrute de los bienes de este mundo. En materia cultural partidarios esforzadísimos (...) de la instrucción del pueblo y de su fácil acceso a las carreras y estudios superiores, y en lo regional partidarios de las autonomías, siempre que los elegidos para administrar la nuestra aceptasen previamente los ideales básicos de la concepción republicana: o sea, libertad religiosa, evolución social, cultura popular."*<sup>172</sup>

En función dese populismo e dese reformismo social que non conlevaba necesariamente unha modificación das relacións de produción, tampouco é de estranar que a postura de Blanco Amor diante do movemento autóctono do peronismo populista trunfante na Arxentina no 1946 pecase un tanto de ambigüidade, ainda que laiase o efecto negativo que suparía

perante a escea política internacional a simpatía do novo Goberno de Perón cara o Réxime de Franco. Non só pola súa probábel fascinación inicial pola personalidade de Perón (Allegue 1993: 205), senón tamén polo feito de que o Peronismo, a fin de contas, era un movemento con base popular e sindical, que apresentaba unha orientación reformista no social.

No 1947, Blanco Amor xa prakticamente abandoa a actividade política no exilio galego e español, en parte motivado pola nova situación que se impón na Arxentina á suba de Perón ó poder (Allegue 1993:210). Abandono que, no substancial, non variará ata a súa morte, pesie esporádicas colaboracións, sobre todo de carácter cultural, na prensa galega de Buenos Aires e outros núcleos de emigración galega en América nos anos 50. Iso non significa que deixase totalmente o xornalismo político, pero xa o fará dende unha posición de comentarista independente, cando o fará. A desilusión perante a remanencia do Franquismo, e a falla de acordo no exilio republicano, levárono a se ir refuxiando progresivamene na súa torre de almas, a do escritor, que desviaría o seu compromiso coa sociedade por outras canles. Na oración fúnebre adicada a Castelao co gallo do seu enterro no xaneiro de 1950, Blanco Amor xa transmite na práctica un legado xeneracional e unha oración ritual, más que unha mensaxe política,<sup>173</sup> o que repetirá no discurso que, convidado pola Comisión Intersocietaria, dará de novo en honra do rianxeiro co gallo do primeiro cabodano da súa morte no xaneiro de 1951.<sup>174</sup> Nas tres décadas seguintes, o noso escritor tenderá a tomar posicións en política só cando era requerido para iso, especialmente durante a época da Transición política en Galicia e o proceso autonómico, no que Blanco Amor seguiu mantendo posturas no fundo emparentadas coas mantidas anos atrás (galeguismo tolerante e populista, posibilismo, progresismo de esquerda).<sup>175</sup> □

<sup>170</sup> Blanco Amor, "El Comienzo", *Galicia*, 25.8.1945.

<sup>171</sup> Blanco Amor, "El Día del Trabajo", *Galicia*, 4.5.1946.

<sup>172</sup> Blanco Amor, "Nosotros los emigrantes", art.cit.

<sup>173</sup> Vid. ANT, n.474, 25.7.1950. O discurso de Blanco Amor non é máis que un belido exemplo de panexírico fúnebre, na más pura tradición clásica, pero baleiro de contidos políticos reais, malia outros autores vexan nel referencias críticas ó galeguismo do interior (Pérez Rodríguez 1993b: 13).

<sup>174</sup> Vid. o discurso reproducido en *Opinión Gallega*, n.121 (1951).

## Bibliografía

1. **Abraira, J.B. (1989)**, "Castelao na Argentina. Etapa trascendental na luta pola autonomía da Galiza", in Beramendi, J.G. / Villares, R. (eds.), *Actas Congreso Castelao*, Santiago de Compostela: Universidade / Xunta de Galicia / Fundación Castelao, vol.I, 151-162.
2. **Allegue, G. (1993)**, *Eduardo Blanco Amor (biografía). Diante dun xuiz ausente*, Coruxo-Vigo: Nigra.
3. **Armesto, V. (1986)**, *Los hijos cautivos de Breogán. El rastro de Castelao en América*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
4. **Astigarraga, A. de (1986)**, *Abertzales en la Argentina*, Bilbao: Ediciones Alderdi.
5. **Beramendi, J.G. (1981)**, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, Santiago: Ed. do Cerne, 2 vols.
6. - (1987) *El nacionalismo gallego en el primer tercio del siglo XX*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.
7. **Beramendi, J.G. / Máiz, R. (1992)**, "O pensamento político de Castelao", in R. Máiz (coord.), *Sempre en Galiza. Edición crítica*, Santiago de Compostela: Universidade / Parlamento de Galicia, 69-127.
8. **Brown, T.S. (1966)**, *Irish-American Nationalism*, Philadelphia-New York: Lippincot Co.
9. **Cagiao Vila, P. (1990a)**, *Participación económico-social de los inmigrantes gallegos en Montevideo (1900-1970)*, Tese de Doutoramento, Universidad Complutense de Madrid.
- 10.- (1990b) "Aporte cultural de la inmigración gallega en Montevideo: 1879-1930", *Arbor*, n.536-537, 75-97.
11. **Castells, V. (1986)**, *Catalans d'América per la independència*, Barcelona: Pòrtic.
12. **Castro, X. (1985)**, *O galeguismo na encrucillada republicana*, Ourense: Deputación Provincial, 2 vols.
13. **Cores Trasmonte, B. (1983)**, *Ramón Suárez Pi-callo. Socialismo, galleguismo y acción de masas en Galicia*, Sada-A Coruña: Edición do Castro.
14. **Cupeiro Vázquez, B. (1989)**, *A Galiza de alén mar*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
15. **Delgado, L. / González, E. / González, M. (1990)**, "La dinámica franquismo / oposición en Argentina: un ensayo de interpretación (1936-1950)", in Mateos, A. / Alted, A., e Tusell, J. (coord.), *La oposición al Régimen de Franco. Estado de la cuestión y metodología de la investigación*, Madrid: UNED, vol.II, 275-295.
16. **Devoto, F. (1989)**, "La primera élite política italiana de Buenos Aires (1850-1880)", *Studi Emigrazione/Études Migrations*, n.94, 163-194.
17. **Díaz Esculies, D. (1991)**, *El catalanisme polític a l'exili (1939-1959)*, Barcelona: Edicions de la Magrana.
18. **Eidintas, A. / Senn, A.E. (1987)**, "Lithuanian immigrants in America and the Lithuanian national movement before 1914", *Journal of American Ethnic History*, 6:2, 4-19.
19. **Estévez, X. (1992)**, *Antología del GALEUZCA en el exilio (1939-1960)*, Donostia: J.A. Ascunce.
20. **Fanesi, P.R. (1989)**, "El Anti-fascismo italiano en Argentina (1922-1945)", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.12, 319-351.
21. **Fernández, A.E. (1987)**, "Patria y cultura. Aspectos de la acción de la élite española en Buenos Aires (1890-1920)", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.6-7, 25-46.
- 22.- (1992), "Las asociaciones catalanas de Buenos Aires (1860-1930). Un estudio comparativo", in VV.AA., *Catalunya i la Restauració, 1875-1923*, Manresa: Centre d'Estudis del Bages, 507-514.
23. **Fernández del Riego, F. (1992)**, *Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria*, Vigo: Ir Indo edicóns.
24. **Freixanes, V.F. (1976)**, *Unha ducia de gallegos*, Vigo: Galaxia.
25. **Gibson, I. (1980)**, *Federico García Lorca. 2. De Nueva York a Fuente Grande (1929-1936)*, Barcelona: Grijalbo.
26. **Gramsci, A. (1975)**, *Quaderni del carcere*, Ed. a cura di V. Gerratana, Torino: Einaudi, 4 vols.
27. **Greene, V. (1975)**, *For God and Country: The Rise of Polish and Lithuanian Ethnic Consciousness in America, 1860-1910*, Madison.
28. **Herrero, A. / Herrero, F. (1992)**, "Política i prensa española a Buenos Aires. Un estudi de cas", *L'Avenç*, n.159, 38-40.
29. **Higham, J. (ed.) (1978)**, *Ethnic Leadership in America*, Philadelphia: The Johns Hopkins UP.
- 30.- (1987), "La movilización de los inmigrantes", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.4, 461-473.
31. (2<sup>a</sup>) *International Solidarity with the Spanish Republic*, Moscova: Progress Publishers.
32. **Joll, J. (1960)**, *Three Intellectuals in Politics: Blum, Rathenau, Marinetti*, New York: Pantheon.
33. **Kantowicz, E.R. (1975)**, *Polish American Politics in Chicago, 1888-1940*, Chicago: Chicago UP.

<sup>175</sup> Vid. un resumo da súa actividade e posicionamentos durante esta etapa en Rodriguez (1993: 205-208). Blanco Amor ainda seguiría manifestando o seu difícil encadramento dentro do panorama político e a súa independencia política, que lle levou a rexeitar figurar como independente nas listas do PSOE, partido polo que confesaría simpatías, e ó mesmo tempo a amosar unha actitude condescendente cara a esquerda nacionalista.

- 34. Luca de Tena, G. (1985), "Nós, 1927 e Martín Fierro. A viaxe dun xornalista por tres xeneracións",** in *A Nosa Terra*, extra 3, *Poema actual a Blanco Amor*, 31-36.
- 35. Martinello, M. (1990), Élites, leadership et pouvoir dans les communautés ethniques d'origine immigrée,** Tese de Doutoramento, Instituto Universitario Europeo, Florencia.
- 36. McCaffrey, L.J. (1976), Irish Nationalism and the American Contribution,** New York: Arno Press, 1976.
- 37. Miller, K.A. (1985), Emigrants and Exiles. Ireland and the Irish Exodus to North America,** Oxford: Oxford UP.
- 38. Naranjo Orovio, C. (1988), Cuba, otro escenario de lucha. La Guerra Civil y el exilio republicano español,** Madrid: CSIC.
- 39. Núñez Seixas, X.M. (1990a), "Eduardo Blanco Amor no nacionalismo galego (1919-1939). Liderado étnico e galeguismo",** *Grial*, n.108, 448-466.
- 40. - (1990b) "A supervivencia do nacionalismo galego na emigración americana, 1939-1960",** in Mateos, A. / Alted, A./ Tusell, J. (coord.), op.cit., vol.I, 303-312.
- 41.- (1990c) "Emigración y nacionalismo gallego en Argentina, 1879-1936",** *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.15-16, 379-406
- 42. -(1991), "La Sociedad Nazionalista Pondal. El separatismo gallego en la emigración",** in J.G.Beramendi / R.Máiz (comps.), *Los nacionalismos en la España de la II<sup>a</sup> República*, Madrid/Santiago:Siglo XXI/Consello da Cultura Galega, 1991, 171-193.
- 43. - (1992a), O galeguismo en América, 1879-1936,** Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- 44. - (1992b), "A Fouce e o nacionalismo galego en Buenos Aires (1926-1936)",** in *A Fouce. Edición facsimilar*, Vigo: Nova Galicia Edicións, vol.I, I-LII.
- 45.- (1992c), "Inmigración e galeguismo en Cuba, 1879-1939",** *Grial*, n.115, 350-385.
- 46. Peña Saavedra, V. (1991), Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia,** Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols.
- 47.Pérez Agilda, N. (1989), "La proclamación de la II República española y los gallegos de Buenos Aires",** *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, n.5, 89-139.
- 48.Pérez Rodríguez, L. (1990), "Unha semblanza de Eduardo Blanco Amor dende o seu epistolario",** *Boletín Galego de Literatura*, n.3, 33-48.
- 49. - (1992), "O periodismo de Blanco Amor",** *Boletín Galego de Literatura*, n.7 (maio), 79-87.
- 50.- (1993a), "Sempre en Auria. Unha aproximación biográfica a Eduardo Blanco Amor",** in VV.AA., *Eduardo Blanco Amor. Sempre en Auria*, Vigo: Xerais, 7-47.
- 51. - (1993b), *Blanco-Amor e os seus escritos periodísticos*,** Vigo: Galaxia.
- 52.Quijada, M. (1988), "Los españoles de la Argentina ante la Guerra Civil española: las instituciones de la Comunidad",** in VV.AA., *Inmigración, integración e imagen de los latinoamericanos en España (1931-1977). Apuntes introductorios*, Madrid: OEI, 79-97.
- 53. Riveiro Espasandín, X. (1993), "Eduardo Blanco-Amor xornalista",** in VV.AA., *Eduardo Blanco Amor (1897-1979)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 25-66.
- 54.Rodríguez, F. (1993), *Eduardo Blanco Amor (o desacougo da nación negada)*,** Vilaboa: Edicións do Cumio.
- 56. Roy, J. (1984), "Introducció",** in Conangla i Fontanilles, J., *La Constitució de L'Havana i altres escripts*, Barcelona: Diputació/ La Magrana.
- 57.Sixirei Paredes, C. (1992), "O nacionalismo na emigración (1889-1940)"** in *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago: Xunta de Galicia, 117-123.
- 58.Sollors, W. (1989), *The invention of ethnicity*,** New York: Oxford UP.
- 59.Stolarik, M.M., (1968), "The Role of American Slovaks in the Creation of Czechoslovakia, 1914-1918",** *Slovak Studies*, n.8, 7-82.
- 60.Tarrio Varela, A. (1993), *Primeiras experiencias narrativas de Eduardo Blanco Amor*,** Vigo: Galaxia.
- 61.Ucelay da Cal, E., (1982), *La Catalunya populista. Imaxe, cultura i política en l'etapa republicana (1931-1939)*,** Barcelona: Edicions de la Magrana.
- 62.Valcárcel López, M. (1993), "Cultura obreira e sinais de identidade do proletariado galego en Xente ao Lonxe",** *Grial*, n.117, 18-29.
- 63.Valcárcel, M. / Quintana, X.R. (1988), *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*,** Vigo: Ir Indo.
- 64.Varela González, I. (1989), *La Universidad de Santiago, 1900-1936. Reforma universitaria y conflicto estudiantil*,** Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- 65.Vilas Nogueira, X. (1975), *O Estatuto galego*,** A Coruña: Edicións do Rueiro.
- 66.Zubillaga Barrera, C. (1992), "Participación política. Bases para su estudio",** in VV.AA., *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*, Madrid: Historia 16, vol.I, 360-387.